

Estratexia Galicia Dixital 2030

Balance 2021 - 2023



XUNTA
DE GALICIA



2030

Edita:

Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2024

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons Atribución –Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0). Dispoñible en:

<https://creativecommons.org/licenses/bysa/4.0/deed.gl>

Contidos

1. Introducción

2. A Estratexia Galicia Dixital 2030

- 2.1. Goberno e Administración Intelixente
- 2.2. Sociedade Dixital e Inclusiva
- 2.3. Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social
- 2.4. Territorio Intelixente, Verde e Resiliente
- 2.5. Conectividade Dixital do Territorio
- 2.6. Cultura e Turismo Intelixente
- 2.7. Economía Dixital e Sostible
- 2.8. Especialización Tecnolóxica

3. Logros acadados

- 3.1. Transformación dixital
- 3.2. Crecemento socioeconómico
- 3.3. Xeración e aproveitamento de oportunidades

4. Investimento mobilizado


INTRODUCCIÓN

1

A Estratexia Galicia Dixital 2030 é unha estratexia deseñada polo Goberno galego como un marco dixital común que facilite a actuación das tres administracións en Galicia de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade.

Unha estratexia para Galicia aliñada coas prioridades do novo marco europeo, que busca situar á Comunidade como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais poda contribuír ao aumento a calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Despois de tres anos dende a posta en marcha da estratexia, comezan a dar os seus froitos as actuacións e iniciativas expostas no marco desta folla de roteiro dixital para Galicia. Durante este período, logrouse unha maior coordinación e complementariedade entre as diversas accións impulsadas polas distintas administracións do territorio en materia de dixitalización. Ademais, acadouse unha ampla participación de todos os actores do ecosistema dixital galego, incluíndo a cidadanía, as empresas, o tecido investigador e as administracións. Este enfoque colaborativo fortaleceu a transformación dixital en Galicia e sentou as bases para un futuro dixital próspero na rexión.





ESTRATEGIA GALICIA DIXITAL 2030

2

Partindo dos logros acadados en Galicia en materia de dixitalización ata 2020, e tendo en conta o contexto social e económico, definíronse os seguintes elementos para conformar a nova folla de ruta en materia de dixitalización da nosa rexión:

7 EIXES ESTRATÉXICOS orientados a potenciación do deseño e posta en marcha de solucións dixitais que dean reposta aos retos rexionais en materia de dixitalización, situando á cidadanía no centro da construción dun territorio máis sostible e intelixente.

1 EIXE TRANSVERSAL centrado na promoción da especialización tecnolóxica do territorio, ao servizo da consecución dos obxectivos do resto de eixes a través do reforzo das capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia.

20 PROGRAMAS a través dos cales se operativizan cada un dos eixes definidos, e que recollen as iniciativas a implementar para acadar as metas contemplados nas áreas de actuación definidas en cada un dos eixes da estratexia.

Un **MARCO DE GOBERNANZA DIXITAL** reforzado que asegura un liderado compartido coa totalidade dos axentes públicos e privados, e o traballo baixo un marco ético e xurídico que vela pola protección dos valores e dereitos fundamentais.



2.1. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

Perseguindo avanzar cara a un goberno e administración intelixente que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, e que apoiándose nas novas tecnoloxías e nunha xestión intelixente do dato, responda de modo proactivo ás súas necesidades, establecendo canles que faciliten a relación coa sociedade e a súa participación.

A transformación dixital da administración, cada vez máis dixitalizada e sen papeis, continúa o seu rumbo coa mellora e a ampliación dos seus sistemas e capacidades.

Neste senso, a aprobación do **"III Plan de Administración e Goberno Dixital. 2025"** no 2022 marca a aposta pola evolución e consolidación dunha xestión pública disruptiva e centrada nas persoas, con iniciativas novidasas como o desenvolvemento da **aplicación móbil XuntaEu** ou a posta en marcha da **Plataforma de Automatización de Procesos (RPA)**.

Nesta liña, tamén se puxo foco en desenvolver o **Sistema de Información Tributario**, para adecualo á normativa tributaria vixente e acadar unha maior eficiencia coa automatización de tarefas, e en mellorar a relación da administración co tecido empresarial e industrial de Galicia.

Doutra banda, continuouse a traballar no seo do **"III Plan TIC de sistemas e tecnoloxías da información. Senda 2025"** e do **"Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do empregado público"**, con actuacións enfocadas a acadar servizos dixitais áxiles, eficientes, seguros, próximos e de calidade.

EIXE 1 . GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

P1

PROGRAMA DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

P2

PROGRAMA PARA O EMPREGO PÚBLICO DIXITAL

P3

PROGRAMA DE DIXITALIZACIÓN DA XUSTIZA

P4

PROGRAMA DE MELLORA DAS CAPACIDADES E INFRAESTRUTURAS DIXITAIS DA AAPP

P1. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

Coa aprobación do **"III Plan de Administración e Goberno Dixital 2025"** no ano 2022, comezouse a traballar na evolución e consolidación dunha xestión pública baseada no dato e na incorporación de tecnoloxías avanzadas para a prestación de máis e mellores servizos públicos centrados no cidadán. Así, no período 2021-2023 destacan os seguintes fitos:

- **Sede Electrónica da Xunta de Galicia.** Entre 2021 e 2022 traballouse na consolidación da Sede Electrónica e a mellora continua das súas funcionalidades e contidos. No último ano, como novidade máis salientable, iniciouse o proceso de **redeseño da Sede**, cara a súa simplificación e mellora da usabilidade. Ademais, traballouse na ampliación dos **procedementos integrados na carpeta cidadá**, a **simplificación de trámites** relacionados cos servizos electrónicos, e a implantación do **pago electrónico de taxas** en distintos procedementos.

- **Mecanismos de identificación e sinatura para a cidadanía.** No 2023 traballouse na incorporación do **sistema Cl@ve** da Administración Xeral do Estado e a **identificación europea eiDas** para cidadáns doutros Estados Membros da UE. No eido do sistema de identificación e sinatura **Chave 365**, destaca a súa **extensión a persoas non residentes**, tras a posta en marcha no 2022 dunha pilotaxe para a súa acreditación. No último ano licitouse ademais un sistema de vídeo de identificación para a **acreditación dixital da cidadanía a distancia**.

- **App Móbil XuntaEu.** No 2023 destaca a **posta a disposición da cidadanía da nova app**, que incorpora os principais servizos administrativos da Xunta de Galicia. O desenvolvemento da primeira versión e a súa validación levouse a cabo durante o 2022, tras identificar as principais funcionalidades a implementar no seu deseño coa **participación cidadá** a través do lanzamento dunha enquisa.



- **Sistema Único de Rexistro.** Continuando co avance acadado no 2021 coa apertura de 158 novas oficinas, durante o 2022 mellorouse a **aplicación AIRES**, facilitando a identificación e clasificación da documentación e a xestión de documentos de gran tamaño. No 2023 continuouse a traballar en AIRES, destacando a **integración co punto único de notificación** e unificación da interface de acceso para o persoal das oficinas de Rexistro, mellorando a calidade dos servizo prestados á cidadanía.

Durante o 2022 iniciouse a posta en marcha e identificación dos casos de aplicación da **Plataforma de Automatización de Procesos (RPA)** da Xunta de Galicia, ao abeiro da adxudicación do acordo marco e sinatura dos primeiros contratos derivados.

No 2023 executáronse os primeiros contratos derivados, acadando a **posta en marcha da infraestrutura da Plataforma de Automatización de procesos (RPA)** e a **definición e posta en marcha do modelo de goberno da plataforma**. Con estes avances, a finais de ano a plataforma permitía xa a integración áxil de procesos cun modelo de xestión ordenado.

No eido da **xestión intelixente do dato**, durante o 2023 traballouse no desenvolvemento do **Citizen Data Hub**. Nesta liña, deseñouse o **modelo de información transversal de repositorio poboacional** que prestará servizo aos diferentes sistemas de tramitación e xestión e realizouse a **análise de procedementos prioritarios sobre os que iniciar o desenvolvemento de servizos proactivos de comunicación** coa cidadanía. Como consecuencia, puxéronse en marcha as primeiras medidas, entre outros, no ámbito da Tarxeta benvinda, a declaración de colleita de uva, ou a renovación das licencias de caza a pesca fluvial.

Xestión dixital económico-financeira e contable

Ademais, durante o 2022 e 2023 continuouse coa implementación dun **sistema de analítica avanzada para o control e detección de fraude tributaria** para a Atriga.

Doutra banda, no período 2021-2023 continuouse coa evolución e mellora dos **sistemas contables, de planificación orzamentaria, xestión de fondos europeos, política financeira e tesouro** co obxectivo de acadar un proceso cun ciclo plenamente dixital.

Cabe salientar, no 2023, a implementación dun **robot para a incorporación dende XUMCO dos datos da execución contable** no sistema de xestión de certificación dos fondos do período 2014-2020.

Xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia

No relativo aos servizos da Facenda Autonómica, no 2022 desenvolveuse o **Sistema de Información Tributario** para adecualo á normativa tributaria vixente e ás normas técnicas, co fin de acadar unha maior eficiencia coa automatización de tarefas. Estes esforzos continuáronse no 2023, centrados no fortalecemento e adaptación do sistema á normativa tributaria específica autonómica e estatal. No referente aos servizos á cidadanía, destacan os seguintes avances:

- **Canais e modalidades de pagamento.** Durante o 2022 ampliáronse os canais de pago das persoas contribuíntes, coa habilitación do pagamento a través de **xiro postal** nas oficinas de correo e de **terminais físicos de pagamento** nas delegacións da Atriga, que se suman ao terminal de punto de venda virtual (TPV-V), posto en marcha no 2021. Xa no 2023, habilitouse unha nova **modalidade de pagamento telemático a través de Bizum** para calquera débeda xestionada pola Atriga.
- **Oficina Virtual Tributaria (OVT).** No 2022 puxéronse en marcha **novos servizos na OVT** e no 2023 habilitouse **Chave365 como nova modalidade de acceso**, permitindo á cidadanía identificarse sen necesidade de certificados dixitais nin DNI electrónico.

PLATAFORMA DE AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS

Abordaxe do primeiro bloque de casos de uso:

30

oportunidades analizadas

14

casos en desenvolvemento

XESTIÓN DIXITAL TRIBUTARIA

TPV Virtual



XESTIÓN DIXITAL FINANCEIRA E CONTABLE

861.773

Facturas presentadas no Sistema Electrónico de Facturación (SEF)

10.773

ofertas presentadas en SILEX

- Atención ás persoas usuarias.** Tras a implementación este 2022 da **atención preferente ás persoas de máis de 65 anos** no sistema de xestión de quedas e atención física e no dispensador de tickets físico, este ano púxose en marcha un **novo servizo de axuda á cidadanía para a autoliquidación sobre transmisións patrimoniais onerosas** no relativo á compravenda de determinados medios de transporte usados entre particulares. Ademais, implementouse a **proba de entrega electrónica (PEE) nas notificación tributarias** previa sinatura dixital polo receptor.

Servizos dixitais para o comercio, a industria e a empresa

No eido dos servizos dixitais enfocados a mellorar a **relación da administración co tecido empresarial e industrial** de Galicia, destacan as actuacións levadas a cabo no **Sistema de xestión do proceso de mediación e arbitraje de reclamacións de consumo (MARCO)**. Durante o 2021 traballouse na incorporación de novas funcionalidades ao sistema, e no 2022 traballouse para estender o alcance a todos os colexios arbitrais de Galicia. Durante o 2023, MARCO continuou a súa evolución, incorporando novos procesos, mellorando a tramitación das reclamacións recibidas e engadindo novos módulos ao sistema. Destacan, entre outras, a **incorporación das OMICs** ao sistema e o desenvolvemento do primeiro **piloto da aplicación CEBRA** para a realización de inspeccións in-situ.

Salientan tamén os avances no **rexistro único empresarial**, que no 2023 acada os 101 procedementos xestionados e máis dun millón de dixitalizacións realizadas.



Por outra banda, no 2022 publicouse o novo portal público da **Oficina Galicia Empresa**, tras os traballos de desenvolvemento iniciados no 2021, como espazo de difusión dos apoios económicos ao investimento e as iniciativas empresariais xestionadas pola **Oficina Doing Business Galicia**.

Sistemas de atención dixital á cidadanía

No referente á **atención dixital da cidadanía**, durante o 2022 iniciáronse os traballos de renovación do **sistema de xestión de cita previa** existente, incluíndo novas funcionalidades para o cidadán e os xestores das oficinas con atención á cidadanía, tras a adxudicación do seu desenvolvemento no 2021. No último ano, activouse o servizo en 4 novos Rexistros Cívís. A finais de 2023, **19 oficinas dispoñían do sistema de xestión de citas e cita previa por Internet**.

Nesta mesma liña, no 2023 continuouse coa mellora do **Sistema SIACI**, de xestión integramente dixital das queixas, reclamacións e peticións de información do cidadán; posto en marcha durante o período 2021-2022. Durante o 2021 puxéronse esforzos na **posta en marcha da canle de denuncias** e o avance na integración neste sistema no eido dos procesos de petición de información. Posteriormente, no 2022 incorporáronse novas funcionalidades e procedementos de tramitación que permitirán **consolidar esta ferramenta como canle única** para a tramitación dixital dos procedementos de atención á cidadanía. Xa no 2023 abordouse a súa evolución funcional e tecnolóxica, continuando co seu proceso de mellora continua.



P2. PROGRAMA PARA O EMPREGO PÚBLICO DIXITAL

Tras a aprobación do **Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do empregado público** polo Consello de Xunta no 2021, en abril de 2023 destaca o fito da **presentación do primeiro balance de resultados** acadados no período 2021-2022 ante o Consello Reitor.

Nesta liña, de 2021 a 2023 traballouse na evolución do equipamento e os medios actuais no posto de traballo para adaptalos a unha realidade marcada pola implantación do teletraballo na administración autonómica, avanzando na **dotación e renovación dos medios tecnolóxicos** para os postos de traballo e a implantación de **equipos de dixitalización e impresión**.

No último ano cabe destacar a **dotación de medios en espazos comúns**, coa renovación de equipamento para a xestión de quendas nunha decena de oficinas de atención presencial da Xunta de Galicia e adquisición de **equipamento de videoconferencia** en salas polivalentes para un total de 71 salas de reunións de edificios administrativos e de servizos da administración.

Atendendo a unha das liñas principais de evolución do Plan, no 2021 licitouse e adxudicouse o Acordo Marco para a posta en marcha da **plataforma para a virtualización e publicación segura de escritorios virtuais de postos de traballo (VDI)**. Tras a tramitación dos primeiros contratos derivados, abordáronse as tarefas de configuración da infraestrutura tecnolóxica da plataforma corporativa.

No 2022 dispoñíase xa dunha plataforma operativa que daba servizo aos primeiros usuarios, e no 2023 traballouse para **promover o uso de VDI entre os colectivos que xa dispoñen de acceso** a esta solución de traballo en mobilidade, executando sucesivas accións de **difusión e de formación entre as persoas usuarias** do sistema. Ao remate do ano, eran xa **1.274 os usuarios efectivos da plataforma**, fronte aos 580 acadados no 2022.

Sistemas de xestión do emprego público

No marco do **Plan de Administración e Goberno Dixital**, estase a afondar nos sistemas enfocados a establecer unha relación integramente dixital coas persoas empregadas públicas, procurando unha xestión dos recursos humanos áxil, eficiente e simplificada.


PLAN 2021-2023 DE POSTO DIXITAL AVANZADO DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO

18.686
equipos totais
xestionados no 2023



3.108

Novos equipos de dixitalización e impresión integrados no modelo de xestión corporativa



4.440

De traballo evolucionados, novos ou reacondicionados para a mellora das súas prestacións

71 salas de reunións de edificios administrativos e de servizos da administración dotadas de **equipamento de videoconferencia** no 2023



Plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI)

Ano	Usuarios
2022	580
2023	1,274 usuarios

Novos postos dixitais de traballo

Ano	Postos
2021	489
2022	3,188
2023	3,731

Postos de traballo evolucionados

Ano	Postos
2021	4,601
2022	1,496
2023	709

Equipos de dixitalización e impresión xestionados segundo criterios corporativos

Ano	Equipos
2021	2,457
2022	2,862
2023	3,108

Nesta liña, durante o 2022 traballouse na consolidación do **expediente dixital do empregado público**, coa posta en marcha de novos procesos a través de **FIDES**, unha canle dixital que actuará como sistema único de relación co persoal e os candidatos ao emprego público. No 2022 finalizaron os traballos para a implantación do módulo do Rexistro de actividade iniciados no 2021.

Ademais, configúrouse o **módulo de baremo** para a verificación do cumprimento dos requisitos para a obtención do grado de Carreira profesional ou de complemento de desempeño, avaliando a información contida nos expedientes electrónicos.

Xa no 2023, entre outras melloras, avanzouse nas capacidades da canle, integrando a **información histórica da experiencia profesional do persoal** noutras administracións públicas e poñendo en marcha funcións de **validación e catalogación de méritos**. Ademais, habilitouse o **acceso ao expediente electrónico** para o persoal empregado público ou que opta ao emprego público.



Sistemas transversais dos RRHH


No 2022 destacan tamén os esforzos para a evolución continua dos sistemas transversais de xestión de recursos humanos, coa construción do **novo sistema de tramitación de relacións de postos de traballo (RPT)**, a implementación das primeiras funcionalidades na nova interface do **sistema de xestión de persoal** e a implantación da **tramitación electrónica das solicitudes de permisos, licenzas e vacacións** nas unidades pendentes do 2021.

Acreditación dixital do persoal empregado público

Durante o 2022 habilitáronse **Puntos de Acreditación Dixital (PAD) móbiles**, que se sumaron aos puntos das 7 principais cidades galegas dispoñibles para continuar avanzando coa **acreditación dixital dos empregados públicos**, evitando os desprazamentos do persoal.

Durante o 2023 continuouse coa **substitución das tarxetas de emprego público**, mantendo a súa certificación como dispositivo seguro de creación de firma (QSCD) en liña co Regulamento eIDAS.

Ademais, no último púxose a disposición de certos perfís da administración o **certificado electrónico de persoal empregado público almacenado na nube**, que permite utilizar un dispositivo criptográfico para realizar procesos de sinatura con PIN a través de dispositivos móbiles, tablets e ordenadores a través da **Plataforma Sala de Sinaturas**.



P3. PROGRAMA DE DIXITALIZACIÓN DA XUSTIZA

O proceso de transformación dixital da Administración de Xustiza enmarcase no **"III Plan TIC de sistemas e tecnoloxías da información. Senda 2025"**, aprobado no ano 2021 en liña coas estratexias dixitais estatal e autonómica, o Plan Justicia 2030 e a Estratexia Galicia Dixital 2030.

Dando execución a este instrumento, **no período 2021-2023** traballouse na **consolidación dos avances acadados na modernización tecnolóxica** do eido xudicial, focalizando os esforzos na mellora da axilidade, eficiencia, seguridade, proximidade e calidade do servizo.

Durante o 2022 traballouse para impulsar ao **Expediente xudicial electrónico (EXE)**, coa mellora do **proceso de sincronización de vídeos** e a posta en marcha do **servizo de textualización de gravación de vistas** mediante o emprego de tecnoloxías de procesamento de linguaxe natural.

A implantación do EXE viuse impulsada pola entrada en vigor no último trimestre de 2022 das circulares relativas á formación do expediente xudicial electrónico da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que provocaron a **consolidación da xeración e uso do EXE de xeito xeral** na Comunidade Autónoma no 2023.

Entre outras actuacións, a consolidación viu dada polos esforzos realizados durante o ano para a **activación na totalidade dos órganos xudiciais da conformación de expedientes xudiciais electrónicos** cun **índice electrónico** que garante a súa integridade; xunto coa **evolución das funcionalidades do Visor EXE** para a mellora de acceso ao contido e da experiencia do usuario na actividade diaria.

No marco da **interoperabilidade cos órganos xudiciais**, un dos principais fitos acadados no 2021 foi a posta en marcha da infraestrutura de **remisión electrónica de expedientes administrativos** que durante o 2022 acadaba xa os 81 órganos xudiciais plenamente operativos fronte aos 28 do ano anterior.


A súa implantación no 100% dos órganos xudiciais finalizou no 2023. Coa consolidación do **cargador de expedientes administrativos**, no último ano recibíronse máis 12.000 expedientes de preto de 200 organismos da Administración Pública.

Ademais, no último ano seguíuse incrementando a configuración de **caixas de correo de Lexnet** para a relación con administracións, institucións e profesionais. Destaca tamén a **activación de Acceda en toda a planta xudicial** para a remisión dos arquivos de gran volume que non poden ser enviados a través Lexnet.

EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO

22.700

documentos **asinados de media** por día laborable (2023)



4.39
4.52 Millóns de documentos asinados dixitalmente

Visor EXE

+ 13.166

expedientes con índice electrónico consolidado

+ 94.000


videos gravados en eFidelius

+ 79.780

gravacións de vistas textualizadas

LEXNET

Millóns de comunicación telemáticas efectuadas con **LEXNET**



Buzóns activos



REMISIÓN TELEMÁTICA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS

12.394

expedientes administrativos recibidos dende preto de **200** organismos distintos da administración (2023)

83

expedientes itinerados ao Tribunal Supremo a través de Acceda (2023)

No referente á automatización de procesos, no 2023 finalizou a posta en marcha da **Plataforma de Automatización Intelixente de Procesos da Xunta de Galicia** baseada en tecnoloxías RPA, e o emprego de robots e automatismos que permiten liberar ao persoal público das tarefas repetitivas. Neste contexto, ao longo do ano, aborouse un proceso de descubrimento de **casos de uso susceptibles de automatización** no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia.

En canto á **dotación de medios para a celebración de actos procesuais remotos**, ao remate de 2022 a totalidade de salas de vistas orais de Galicia contaban co sistema de gravación **eFidelius**. Durante o 2023 completouse a **instalación de equipamento dixital na totalidade das salas de vistas** de Galicia, todas elas con medios de videoconferencia integrados, e finalizou o proceso de homoxeneización da plataforma de videoconferencias.


Ademais, no eido da **dotación de medios para o persoal empregado público de xustiza**, continuouse coa renovación de postos de traballo e impresión.

A consolidación da administración xudicial electrónica acompáñase de **programas de capacitación e implantación personalizados** por colectivos e iniciativas.

Nesta liña, durante o 2023 realizouse un esforzo significativo, destacando o **Plan de reforzo ao persoal de todos os órganos xudiciais** nos conceptos e uso das solucións de Administración Xudicial Electrónica e implantación de boas prácticas e comportamentos homoxéneos na xestión do EXE e o **Primeiro plan de ciberconcienciación**.

A **Sede Xudicial Electrónica** é a canle de comunicación electrónica segura entre a cidadanía, os profesionais e a Administración de Xustiza. Durante o 2023 continuáronse a ampliar os servizos da Sede coa posta en marcha e evolución do **servizo de compartición do EXE** con avogados, procuradores e outros profesionais da xustiza, permitindo o acceso ao EXE de xeito temático e en remoto. Doutra banda, ampliouse o **Catálogo de procedementos que os cidadáns poden presentar de forma electrónica**.

Entre os **procesos extraordinarios nos que a Amtega da apoio**, destaca no período 2022-2023 a dotación dos medios dixitais e infraestrutura tecnolóxica necesaria para a celebración da **vista do xuízo do caso Alvia**. Ademais, no 203 finalizou a execución do **traslado e dotación de equipamento TIC ao novo Edificio da Cidade da Xustiza en Vigo** iniciado no 2022.



P4. PROGRAMA DE MELLORA DAS CAPACIDADES E INFRAESTRUTURAS DIXITAIS DAS AAPP

A centralización no **Centro de Procesamento de Datos Integral (CPDI)** dos sistemas de infraestruturas dos antigos CPDs, así coma dos servidores que se atopaban dispersos por todo o territorio galego, supuxo un incremento en termos de potencia e a mellora das prestacións e a calidade dos servizos dixitais da administración galega. No 2023 traballouse para mellorar o seu equipamento, coa renovación dos cortalumes de acceso ao CPD e a renovación dunha das enfriadoras do CPDI. Ademais, formalizouse o contrato para a renovación das climatizadoras do CPDR, e licitouse un novo contrato para a renovación de infraestrutura de rede para o CPD da Xunta de Galicia

Durante os anos 2022 e 2023 mantívose de xeito continuado o sistema de xestión do **Inventario de Información Administrativa (IIA)** adaptándoo para fomentar a divulgación interna da súa información. No último ano, entre outras tarefas, abordouse a creación de novos catálogos, a configuración de novas taxonomías e a xestión de prazos na sede electrónica.


No referido á **seguridade**, durante o 2022 leváronse a cabo tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia e realizouse o seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal. Por outra banda, no seo do **Plan Director de Seguridade TIC 2015-2021** continuouse co servizo de vixilancia e auditoría da ciberseguridade e coa elaboración de novas normas, procedementos e guías.

Xa no ano 2023 finalizouse a revisión e aprobouse a **Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030**, que comezara a súa elaboración no 2022, e avanzouse na elaboración do **Plan Director de Ciberseguridade** para a Amtega, que acompañará á Estratexia.

Durante o 2022 continuouse co **servizo de oficina de apoio ao nodo CIBER.gal**, nese ano acadaba máis de 55 entidades adheridas. Durante o 2023, continuouse impulsando e dando seguimento aos convenios de colaboración co Incibe e o CCN.

No 2022, Galicia, representada pola Amtega, participou na convocatoria **RETECH**, conseguindo un proxecto para a constitución dun **Centro de Competencias e Innovación en ciberseguridade**, en colaboración con Cataluña e a Comunidade Valenciana. O proxecto foi **presentando en 2023**, e en decembro deste mesmo ano asinouse o convenio co que se formaliza o proxecto, iniciándose xa as primeiras accións a executar.

Como novidade tamén no 2023, realizouse o proxecto de execución e licitouse a obra do **Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia**, formalizándose o contrato correspondente a finais de ano.



No eido da **evolución do CSIRT.GAL**, destaca no 2021 a formalización dos lotes do acordo marco para o impulso do **Centro de resposta a incidentes de seguridade da información (CSIRT.gal)**, e a efectiva integración do **Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira**. No 2022, logrouse manter o nivel de acreditación en TF-CSIRT e o obxectivo de incorporar a CSIRT.gal na Rede Nacional de SOC's impulsada polo CNN e no 2023 traballouse na evolución dos servizos do SOC CSIRT.gal.

No referido ás ferramentas desenvolvidas para atender ás **persoas usuarias dos servizos da administración** (CAU, CSU, UAC ou a app **AxudoT**) o seu emprego seguiu medrando no período 2021-2022, o que reflectiu a boa aceptación das mesmas por parte da cidadanía. No 2023 consolídase o uso de AxudoT, canle a través da que se reciben xa o 37% de incidencias ou peticións.

A futura senda en materia de mellora das capacidades dixitais da administración pública ven marcada polo **Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2020-2023**.

Neste sentido, destaca a consolidación dunha **plataforma de backup corporativa** á que se migraron todas as copias de seguridade e información da anterior plataforma da Xunta de Galicia. Durante o 2022 realizouse a subministración, configuración e posta en produción do novo equipamento de backup que ampliou substancialmente as capacidades dispoñibles. No 2023, púxose en marcha unha nova contratación para a ampliación do equipamento de backup corporativo.

No eido da **calidade e arquitectura das aplicacións**, durante o 2023 levouse a cabo a actualización e revisión de procedementos e estándares de calidade, así como a definición doutros novos. En total, incorporáronse 46 estándares e procedementos, entre novos contidos e actualización dos existentes.


Por outra parte, no referente ao **soporte e evolución de redes corporativas**, traballouse para continuar incrementando o ancho de banda dos centros conectados á rede corporativa da Xunta de Galicia, e incrementouse a velocidade media de conexión dos centros educativos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS - AXUDOT

- CAU. Centro de Atención ao Usuario
- CSU. Centro de Servizos ao Usuario de Xustiza
- UAC. Unidade de Atención a Centros

37%
das incidencias e
peticións
recibidas a través
de **AxudoT**

Tickets resoltos en
menos dunha hora



+ 256.871
Contactos no
CAU, CSU e UAC

> 93%
das chamadas
atendidas

MEDIDAS DE SOPORTE E EVOLUCIÓN DAS REDES CORPORATIVAS


 Novos puntos de
acceso WiFi
instalados

- 5.506** Centros educativos
- 6.366** Centros da Rede Corporativa

1.273 Centros educativos con
conexións de **>100Mbps**

1.256 Centros educativos con
conexións de **1Gbps**

737,25 Mbps
(2021)

947,08 Mbps
(2022)

991,28 Mbps
de **velocidade media de acceso á rede corporativa en centros educativos no 2023**

Desenvolvéronse ademais distintos procesos de automatización, esenciais para dotar de tecnoloxía especializada á administración e implantouse infraestrutura para a xestión analítica corporativa, impulsando o acceso ao [sistema de indicadores da administración dixital](#).

No 2022, evolucionouse o **portal de difusión de cadros de mando** (platbi) coa incorporación de Power BI como ferramenta de difusión de información.

En 2023, a **plataforma de xestión analítica corporativa** seguiu evolucionando co obxectivo de integrar a información analítica de xeito transversal en toda a administración pública.

No eido das tecnoloxías cloud, a finais de 2021 aprobouse a [Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico](#).

No ano 2022, conforme aos obxectivos marcados, definíronse e establecéronse as

bases e elementos de partida para a implantación dunha infraestrutura de cloud pública en toda a Amtega e deu comezo a implantación da solución empresarial de cloud privada. Ademais, iniciouse a elaboración do prego do **Acordo Marco de contratación de servizos de cloud pública**, formalizado este 2023.


Neste último ano comezouse tamén a implantar a **nova plataforma tecnolóxica** que vai permitir evolucionar o entorno IaaS de AMTEGA, empregando solucións avanzadas de seguridade, creándose a primeira versión dun novo estándar cloud privado e arrancado unha pilotaxe com ferramentas de automatización de contornas cloud.

Seguindo coas solucións cloud, iniciouse un **piloto de cloud híbrida para a avaliación de casos de uso exploratorios** da capacidades e posibilidades ofrecidas pola hibridación das contornas cloud privada e pública da Amtega.

INFRAESTRUTURA PARA A XESTIÓN ANALÍTICA CORPORATIVA


Sistema de indicadores da administración dixital:

Incorporada ferramenta de Power BI para a difusión de información interna en *platbi* e externa, cara a cidadanía (2022).



Ao peche de 2023 están dispoñibles na plataforma de intelixencia:

- **71** paneis de datos dispoñibles
- **26** universos para o análise libre
- **1.274** indicadores
- **100** usuarios de media mensual



PLATAFORMA DE INTEROPERABILIDADE PASAXE!

122 servizos no catálogo de interoperabilidade (2023)


15,9M de consultas no nodo de intermediación PasaXe! (2023)

SISTEMA DE TRAMITACIÓN TRANSVERSAL W@NDA

+ 89.800
expedientes
xestionados

117
novas
convocatorias
administrativas





2.2. SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA

Perseguindo a consolidación dunha sociedade plenamente inclusiva que garanta a igualdade de toda a cidadanía, que combata barreiras de xénero, idade, cultura ou coñecemento, facendo da diversidade un elemento integrador para atraer e reter o talento, traballando na alfabetización e no fomento de competencias que favorezan o peche da fenda dixital.

A Xunta de Galicia leva tempo traballando en materia de inclusión dixital, perseguindo facilitar a adquisición de coñecementos TIC a toda a cidadanía e reducir a fenda de acceso ás tecnoloxías dixitais.

Para favorecer esta inclusión, a [Rede de Centros para a Modernización Tecnolóxica de Galicia \(Rede CeMIT\)](#) e o [Programa de Voluntariado Dixital \(VOLDIX\)](#) eríxense como os principais instrumentos rexionais de acceso a equipamento e formación dixital gratuita orientada á mellora das competencias dixitais da sociedade.

No **ámbito educativo**, Galicia situouse nos últimos anos como rexión pioneira, grazas en parte ao traballo realizado no seo do [programa Abalar](#), enfocado a transformar as aulas tradicionais en espazos dixitais, contando coa implicación de toda a comunidade educativa. Ademais, grazas á iniciativa [E-Dixgal](#) cada vez e máis numeroso o alumnado que recibe unha educación completamente dixital. Todo isto, xunto coas axudas do **Plan EDU100**, que dotaron de medios a centros educativos galegos para a súa dixitalización queda demostrado o obxectivo de mellora e modernización do sistema educativo a través da integración das novas tecnoloxías.

No ámbito das **competencias dixitais**, destacan aquelas accións de capacitación dixital para as persoas da nosa rexión como o desenvolvemento do [Marco Galego de Competencias Dixitais](#) (MGCD) e as consecuentes certificacións ou as iniciativas de loita contra a fenda dixital.

Tras os esforzos realizados ata a data é necesario seguir avanzando na incorporación das novas tecnoloxías ás aulas e desenvolver novas iniciativas de **promoción do talento dixital** e **redución de fendas dixitais** que permitan progresar cara a un modelo de ensinanza personalizada e que poida atender á diversidade e complexidade social galega.

EIXE 2 . SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA

P5

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DE
COMPETENCIAS DIXITAIS

P6

PROGRAMA DE EDUCACIÓN DIXITAL

P5. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

O obxectivo deste programa é favorecer, promover e fomentar unha **cidanía capacitada dixitalmente** para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, con especial foco entre os colectivos máis vulnerables.

En setembro do 2021 publicouse do Decreto 123/2021, polo que se regula o **Marco galego de competencias dixitais** (MGCD) e a **nova certificación galega en competencias dixitais** (ComDIX) aliñado co DigComp e emitíuse a derradeira **Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática** (CODIX), coa que se acreditaban as competencias dixitais da cidadanía ata ese ano.

No 2022 comezouse a traballar na elaboración das **Bases para o desenvolvemento do MGCD** e a finais desde ano iniciouse a **primeira edición de formación para persoal formador** da EGAP e CeMIT.

Neste contexto, e para **promocionar a formación e certificación galega en competencias dixitais para a cidadanía**, durante o 2022 a Rede CeMIT participou activamente nas xornadas informativas sobre o novo Marco Europeo de Competencias Dixitais 2.2, o Plan formativo para formadores/as do MGCD e ao novo ComDIX.

Este 2023 tivo lugar a **presentación do documento de bases** ante o Consello Reitor para a súa aprobación. A estes avances súmanse a **análise para a aplicación do Marco ás competencias dixitais do alumnado** da ESO e Bacharelato e a elaboración do borrador da **orde de convalidación do CODIX**.

No eido dos **Plans específicos de captación e acreditación dixital** do MGCD, este 2023 ofertáronse os **primeiros cursos ComDIX para persoal empregado público** en colaboración coa EGAP, e convocouse unha **proba de análise de nivel de competencias dixitais en 4º curso da ESO** en coordinación coa Consellería de Educación e Formación Profesional e Universidades.

A execución do marco require o desenvolvemento de **instrumentos e ferramentas dixitais de apoio**. Nesta liña, durante o 2022 puxéronse en marcha as **plataformas de apoio** para a **certificación e teleformación**, que se continuaron evolucionando durante o 2023.

Ademais, este último ano puxéronse esforzos na **elaboración e actualización dos contidos dixitais de referencia para a capacitación**: bancos de preguntas sobre as probas de certificación "ComDIX Iniciación" e actualización dos contidos dos 7 cursos base que compoñen o itinerario formativo de "ComDIX Iniciación".

COMPETENCIAS DIXITAIS

Capacitación dixital do persoal empregado público



En colaboración
coa EGAP:

Accións formativas

2022 144
2023 136

Horas de formación

2022 4.332
2023 4.668



Novo Portal Competencias Dixitais (2022)

Portal de referencia sobre o Marco galego de competencias dixitais (MGCD). Ofrece información e respostas ás dúbidas frecuentes sobre formación, certificación, exame ou convalidación do CODIX.

Plataforma corporativa de e-learning

2022

+ 26.500
alumnos
participantes

1.887
actividades
formativas

18
espazos de
capacitación
configurados

2023

+ 23.700
usuarios da
plataforma

+ 928.738
accesos

2024

↑ 3,8% de
aumento
respecto ao 2022

A Rede de Aulas CeMIT

A través da [Rede de Aulas CeMIT](#), distribuídas en 90 municipios galegos e enmarcadas ata o 2021 no **Plan de Inclusión Dixital de Galicia**, e a partir de 2022 no novo [Plan DigiTalent 2030](#), lévanse a cabo numerosas actuacións enfocadas a formar e informar sobre os distintos usos da tecnoloxía.

No 2021 aprobouse o **Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT 2022-2025**. Cun investimento de 22,7 millóns de euros, ten por obxectivo a **transformación integral** destes centros para convertelos en **espazos máis flexibles e próximos á cidadanía**. O Plan contempla ademais a creación dun servizo de **aula móbil** para chegar a aqueles territorios que non contan con aula na actualidade.

Para axudar a **impulsar a extensión do ComDIX** a boa parte da cidadanía e **fortalecer a estrutura de apoio da administración** na loita contra a fenda de acceso aos servizos dixitais, no 2022 a Amtega e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron o **Convenio de colaboración para a xestión do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT**.

Nese mesmo ano iniciouse o **proceso de adhesión das entidades locais** que xa formaban parte da rede para impulsar a transformación das súas aulas CeMIT ou a solicitude de aulas novas dotadas con **equipamento tecnolóxico punteiro** e **novos espazos adaptados** ás novas arquitecturas e pedagogías.

Dando **execución ás accións enmarcadas no Convenio**, durante o 2023:

- Dotouse de **equipamento básico e innovador** ás aulas adheridas ao Plan. Ao remate do ano, eran xa **84 aulas CeMIT dixitalizadas e adaptadas** ás últimas tendencias tecnolóxicas no marco do Plan de Reforma.
- Desenvolveuse un **Plan formativo para axentes TIC**, coa execución de **12 sesións formativas** para dar a coñecer os **novos recursos tecnolóxicos innovadores**. Ademais, celebráronse 5 sesións formativas para a **mellora das metodoloxías de ensinanza TIC** á cidadanía.
- Desenvolveuse un **novo programa de xestión das aulas (XECM)** na contorna de desenvolvemento da Amtega.

Accións de inclusión e capacitación dixital

Nos últimos tres anos a Rede CeMIT continuou avanzando na realización de **actividades para a inclusión dixital da cidadanía** destinadas á adquisición de coñecementos e habilidades dixitais.

Durante o 2022 e 2023, contou cun **catálogo de actuacións formativas para a promoción do uso da tecnoloxía na vida cotiá** que inclúen cursos, charlas e asesoramento personalizado; destacando o manexo de dispositivos tecnolóxicos, o fomento da seguridade na rede e a adquisición de habilidades dixitais para mellorar a calidade de vida, facilitando o seu entendemento e aplicabilidade.



Durante o 2022 e 2023, contou cun **catálogo de actuacións formativas para a promoción do uso da tecnoloxía na vida cotiá** que inclúen cursos, charlas e asesoramento personalizado; destacando o manexo de dispositivos tecnolóxicos, o fomento da seguridade na rede e a adquisición de habilidades dixitais para mellorar a calidade de vida, facilitando o seu entendemento e aplicabilidade.


Na mesma liña, impulsou iniciativas de alfabetización, capacitación dixital e asesoramento profesional dirixidas a **combater a fenda dixital das persoas maiores**, poñendo en valor as vantaxes da dixitalización na mellora da súa calidade de vida e fomentando o envellecemento activo e saudable.

Neste eido, no 2022 destaca a **celebración do Día de Internet** en colaboración coa **Asociación Somos Dixital**, baixo a temática "tecnoloxías dixitais para as persoas maiores e o envellecemento saudable", e no que a Rede CeMIT participou activamente coa presentación e coordinación do proxecto **CaminaenDigital**.

No 2023, salienta o desenvolvemento da iniciativa **Enredando Tour** coa Cruz Vermella, que achegou as contornas dixitais ás persoas maiores do rural para impulsar a súa autonomía dixital; a posta en marcha do **Proxecto Gamapea**, deseñado por investigadores da Universidade para incentivar o uso da tecnoloxía na mellora do benestar físico e mental dos maiores e a activación do curso básico **"A Intelixencia Artificial no teu día a día"**.

No eido da **promoción e talento das vocacións STEAM** dende idades temperás, no 2023 as aulas CEMIT celebraron o **Día de das rapazas nas TIC** coa Campaña All Digital Weeks, e volveron acoller as xornadas da nova edición de **GirlSTEAM**.

Como cada ano, moitas das actuacións para a inclusión dixital leváronse a cabo en **colaboración cos axentes do ecosistema dixital** como a FEGAMP, os colexios profesionais, asociacións, empresas que participan do Pacto Dixital e as entidades locais. Contribúe tamén o **Programa VoLDIX**, que apoia de xeito altruísta o desenvolvemento de diversas actuacións de formación e acompañamento dixital.



P6. PROGRAMA DE EDUCACIÓN DIXITAL

Os proxectos dixitais en centros educativos requiren dunha infraestrutura e dotación TIC adecuadas par a posta en práctica dunha educación dixital de calidade. Nesta liña, o obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa, como motor dese proceso de modernización, cambio e mellora.

No marco do **Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 2021 - 2023 (Plan EDU100)**, o último ano deuse un importante pulo á **dotación de medios para a dixitalización de centros educativos**, destacando nas aulas do ensino público a instalación de equipos, carros de carga e paneis dixitais interactivos en centros públicos de ensinanzas de Infantil, Primaria e Ensinanzas de Réxime Especial; así como a dotación de equipamento dixital na FP.

No eido do **proxecto EDixgal**, ás actuacións executadas no período 2021-2022 para o **incremento de contidos dixitais**, súmase este 2023 a actualización dos contidos editoriais para os cursos de 6º de primaria, 2º e 4º da ESO co obxectivo de adaptarse á LOMLOE e contar cun conxunto de contidos de calidade.

Froito do esforzo dos últimos anos no desenvolvemento de recursos educativos innovadores, a **iniciativa de elaboración de contidos dixitais innovadores (proxecto DIXIT)** comezaba o ano cun catálogo de 57 recursos innovadores e 6 guías docentes para a comunidade educativa, entre os que destacaban unha nova guía de IA para profesorado, un simulador sobre adestramento a unha IA e un motor de experimentación tamén cunha ferramenta de IA, todos eles desenvolto no 2022.

Ao longo do 2023, **publicáronse ata 15 contidos dixitais novos e ampliados** en Intelixencia Artificial, Educación Emocional na Aula, Bioloxía e Xeoloxía. Ademais, activáronse os **primeiros grupos de traballo para a elaboración de contidos** en Inglés e Tecnoloxía cara o 2024.

No ámbito das **bibliotecas escolares**, ao longo do 2023 continuouse a posta en marcha do novo **Sistema de Xestión Bibliotecaria** baseado KOHAILS en 106 novas bibliotecas, acadando xa as 421 usuarias integradas no **Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE)**, fronte ás 315 do 2022. Así mesmo, continuouse coa **extensión do servizo de biblioteca dixital**, actualmente dispoñible en máis de 800 centros escolares.



Outro dos piares no ámbito da transformación dixital da educación é o investimento na evolución da **infraestrutura de rede**. Nos últimos anos desenvolveéronse actuacións de **mellora de velocidade de conexión á rede corporativa dos centros educativos**, que permitiron acadar no 2023 unha velocidade media de **991,28 Mbps** fronte aos 737,25 Mbps do 2021. Na actualidade, máis de **1.200 centros educativos** contan xa con **conexións de 1Gbps**.

Ademais continuouse avanzando na **extensión da cobertura WiFi** coa instalación de 5.508 puntos de acceso en centros educativos.

No eido da integración e participación dos distintos axentes da comunidade educativa, canle dixital principal empregada como medio de relación coas familias seguiu sendo o ecosistema de **espazoAbalar** (web) e a **app abalarMóbil**, que permiten, entre outros, a mensaxería coas familias, a publicación das cualificacións, a xustificación das faltas e a xestión das citas de tutoría.

No 2023, o equipo de Soporte de Sistemas Abalar traballou na análise e implementación dunha **ferramenta de navegación segura nos portátiles do alumnado** EDixgal.


Sistemas de xestión dixital da educación

En liña coa mellora das infraestruturas, avanzouse na modernización dos **sistemas de información** relacionados coa xestión académica e educativa dos centros, alumnado e profesorado.

No 2023, destaca o esforzo na **integración dos sistemas de xestión do eido educativo cos proxectos de administración electrónica** da Xunta de Galicia a través de servizos como pasaXe!, ARPAD, Rexel ou Notific@, que achegan beneficios significativos no impulso da eficiencia e a efectividade da xestión pública.

Ademais continuouse mellorando o **sistema de xestión académica do ensino (XADE)** que xa no 2022 contou coa implantación de novas funcionalidades e servizos. Durante o 2023 fíxose unha completa **integración das ensinanzas artísticas superiores no sistema**, permitindo unha xestión integral dos centros que imparten ditas ensinanzas de xeito análogo ao resto de ensinanzas.

Do mesmo xeito, e como cada ano, avanzouse na **mellora e evolución de máis de 30 sistemas, plataformas e aplicacións**, destacando ADALE, CICADM, COMEDORES, PROENS ou Convivencia, una app para a realización de enquisas de convivencia en centros educativos.





2.3. ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL

Desenvolvendo servizos intelixentes focalizados no benestar das persoas en todas as etapas da súa vida e que, apoiados nas novas tecnoloxías, contribúan a mellorar a saúde e autonomía persoal, construíndo así un sistema sociosanitario de vangarda, forte e sostible.

O obxectivo do sector sanitario de Galicia é continuar a desenvolver un **modelo sociosanitario personalizado, predictivo e preciso**, no que todos os axentes que participan do mesmo traballen dun modo coordinado e as persoas se sintan seguras, autónomas e saudables.

Entre outras actuacións, continúaase a traballar na evolución da plataforma **Telea**, para facilitar o seguimento estreito das doenzas crónicas dunha maneira áxil, eficaz e sen necesidade de desprazamentos; ou na aplicación **Sergas Móbil**, que integra os servizos dixitais do Sergas. Ademais, estanse a traballar varias liñas de aplicación no seo da **Historia Clínica Electrónica**, como a detección de enfermidades raras ou a análise do comportamento de diferentes opcións terapéuticas asociadas a distintas patoloxías.

Doutra banda, no eido da política social, continuouse coa consolidación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, ampliando as capacidades funcionais do sistema. Ademais, traballouse no impulso do novo modelo de atención residencial e na definición dos modelos de emprego dos distintos sistemas no contexto de novos modelos de atención compartida. Neste senso, foron actuacións chave a ampliación e implantación do **Sistema de información para a xestión de centros de política social**, coa que se segue a impulsar a transformación dixital das residencias, o avance dunha nova licitación que ten por obxectivo renovar tecnoloxicamente o servizo de **teleasistencia no fogar**, e a aplicación **AsisT.gal** como portal para familiares e coidadores profesionais e informais.

EIXE 3 . ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL

P7

PROGRAMA DE IMPULSO A UNHA SANIDADE PREDITIVA E PERSONALIZADA

P8

PROGRAMA DIXITAL DE BENESTAR INTEGRAL

P7. PROGRAMA DE IMPULSO A UNHA SANIDADE PREDITIVA E PERSONALIZADA

O sector sanitario de Galicia está a evolucionar cara un **modelo intelixente de atención sanitaria personalizada**, individualizada e adaptada ás necesidades de pacientes, familiares e cuidadores. Esta transformación dixital apoiase na aplicación intensiva de tendencias tecnolóxicas e **modelos baseados en datos** orientados a diagnosticar, tratar e curar enfermidades, mitigar os riscos para a saúde e contribuír á sostibilidade dos sistemas sanitarios.

Modelo dixital sanitario participativo e personalizado

No ano 2023 publicouse o [Plan Estratéxico de Transformación e Saúde Dixital da Consellería de Sanidade 2023-2026](#), que busca contribuír a transformar e facer **evolucionar o modelo de atención á cidadanía** co apoio necesario para os profesionais sanitarios, permitíndonos dar resposta aos retos do sector e da poboación da nosa rexión.

O principal obxectivo do plan é facer unha transformación dixital do sistema público de saúde que sexa **inclusiva, conectada e accesible** para o paciente, **organizada** e baseada na **xestión intelixente de datos** e adoptando os principios de ciberseguridade por defecto.


HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA

+ 26.000

Profesionais sanitarios usuarios da Historia Clínica Electrónica na Rede Sanitaria Pública e en hospitais concertados

+ 16.000

Persoas maiores contan con información rexistrada na Historia Clínica Electrónica a través dos profesionais sanitarios das residencias da terceira idade



No 2022 o Goberno galego renovou a súa aposta polo proxecto de Historia Clínica a través da **evolución do sistema cara IANUS5**, un importante avance que permitirá contar cunha Historia Clínica Electrónica Única máis transversal, intelixente e colaborativa, ao tempo que potencia o contacto entre pacientes e profesionais da saúde, achegando o traballo destes últimos á sociedade.

Os primeiros avances na evolución de IANUS5 tiveron lugar xa 2022, coa integración da **vídeo chamada e a mensaxería asíncrona** no sistema como un elemento máis de comunicación entre paciente e profesional. No 2023 continuouse a traballar no despregamento de IANUS5, e instaláronse máis de 12.500 pantallas con cámara como vía de comunicación á disposición do persoal sanitario.

A **plataforma de teleasistencia integrada en IANUS, TELEA**, é un sistema de telemonitorización galego que leva dende o 2015 mellorando a relación entre pacientes e profesionais sanitarios, facilitando o seguimento estreito das doenzas crónicas dunha maneira áxil, eficaz e sen necesidade de desprazamentos.

No ano 2021, a plataforma **TELEA** foi seleccionada pola Comisión Europea como boa práctica a transferir a outros países membros. Ao abeiro deste recoñecemento, no 2022 Galicia foi **seleccionada para participar no proxecto europeo CIRCE** de transferencia e implantación de boas prácticas na atención primaria entre os Estados Membros participantes da iniciativa.

Durante o 2023, IANUS5 dispoñía xa da posibilidade de **integrar dispositivos IoT** que xeran información na nube nos ámbitos de dispositivos cardioimplantables, hemodiálise, bombas de infusión e medición continua da glucemia. Na actualidade, permite tamén a prescrición de contidos formativos asociados ás patoloxías dos pacientes e o seu acceso dende o portal de saúde do paciente.

Grazas a esas funcionalidades e posible realizar un mellor **seguimento de diferentes patoloxías en pacientes crónicos**. O sistema conta con 26 perfís patolóxicos.

Nesta liña, xa durante o 2023 se puxo en marcha na área de Coruña unha **pilotaxe para o seguimento de pacientes diabéticos** a través dunha aplicación móbil que inclúe un sistema de notificación de alertas aos facultativos e a incorporación de medicións continuas de glucosa.

Para seguir impulsando o teleseguimento, a Xunta licitou o último ano o **primeiro contrato centralizado de equipos con sensores integrables** na plataforma, para xeralizar implantación deste novo modelo en toda a Comunidade.

Durante a pandemia, TELEA foi empregada para realizar o **seguimento de máis de 600.000 pacientes coa Covid-19**, e na actualidade telemonitoriza a máis de 8.000 pacientes crónicos.


Por outra banda, durante o 2021, púxose en marcha a aplicación **"Sergas Móbil"**, que integra os servizos dixitais do Sergas. Entre outras posibilidades, ofrece acceso desde un dispositivo móbil a servizos de videoconsulta de atención primaria ou hospitalaria.

A app tamén inclúe a **tarxeta sanitaria virtual**, que permite ás persoas usuarias non ter que levar consigo a tarxeta física, xa que os datos sanitarios están almacenados no propio dispositivo móbil, facilitando trámites e procesos de identificación. A finais do 2022, tiñan xa descargada a app máis de 1.700.000 cidadáns galegos.

Durante o 2022, continuouse a traballar nas funcionalidades da aplicación, habilitando a **declaración de autotest positivo** e activando o **servizo de autocita para a vacinación da covid** para as primeiras doses en persoas adultas e nenos, así como a dose de recordo a partir dos 18 anos.

A principios do 2023 púxose en marcha unha nova prestación na app que permite aos equipos de emerxencias sanitarias axilizar a **xeolocalización do lugar exacto da orixe das chamadas ao 061** realizadas pola cidadanía.

Dende a implantación da **Historia Clínica Electrónica**, un dos máximos expoñentes da estratexia do Sergas é a explotación masiva de datos e o impulso da Intelixencia Artificial. Actualmente, traballase en varias liñas de aplicación, entre elas, a **detección de enfermidades raras ou a análise do comportamento de diferentes opcións terapéuticas** asociadas a distintas patoloxías.



No ano 2021, púxose en marcha o **sistema XIDE**, orientado a axilizar a xestión de citas en Atención primaria. A finais de 2022, o sistema estaba xa implantado en 246 centros de saúde atendendo a máis do 73% da poboación galega.

Tamén no 2021 despregouse a **plataforma tecnolóxica CRM100**, orientada a resolver as chamadas perdidas dos centros de saúde no menor tempo posible. Tras a súa posta en marcha durante o 2022, ao final do ano permitía o rexistro, organización e devolución das chamadas de 162 centros de saúde galegos, resolvendo de media o 93% delas no mesmo día, cun tempo medio de resposta de 40 minutos. Durante o 2023 continuouse a traballar na extensión do sistema á totalidade dos centros de saúde de Galicia.

Xestión de datos sanitarios e investigación clínica

No eido da vixilancia epidemiolóxica, durante o 2022 iniciouse o proceso de evolución do **sistema VIXIA** cara un novo sistema de vixilancia epidemiolóxica 2.0. Tras a definición e análise da evolución a implantar, no 2023 comezou o desenvolvemento do novo sistema, que permitirá a recollida, extracción e análise de información de xeito flexible a automatizado.

No eido da xestión do coñecemento en saúde, dende o 2022, estase a traballar na implantación de **SHARE**, a plataforma tecnolóxica para a xestión do coñecemento no eido sanitario.

Entre os avances do 2023 destaca a posta en marcha dun piloto para a validación da ferramenta e a incorporación de novos contidos e cursos a disposición dos profesionais sanitarios.

Durante o 2021 continuouse a traballar na evolución de **HEXIN**, unha plataforma de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos que permite a explotación de información clínica dispoñible no conxunto de sistemas existentes co obxectivo de facilitar a toma de decisións clínicas, proporcionando información para a identificación e clasificación de casos de epidemioloxía.

Perseguindo a aplicación de solucións dixitais innovadoras, destaca tamén o uso da Intelixencia Artificial en programas como o **proxecto Tartaglia**, relacionado coa creación dunha rede federada para acelerar a aplicación desta tecnoloxía nos sistemas de atención sanitaria, en concreto mellorando a investigación clínica a nivel estatal para acadar diagnósticos precoces no eido do cancro de próstata.

Actualmente, o Sergas está a desenvolver **INNOVATRIAL**, un sistema innovador para a xestión de todo o proceso de investigación sanitaria, que ten por obxectivo desenvolver unha **plataforma de integración da investigación clínica coa actividade asistencial**. O proxecto está dotado con máis de 10 millóns de euros e suporá un salto cualitativo no ámbito da investigación e a xestión dos datos sanitarios en Galicia.

SISTEMA XIDE

Sistema Integral de atención da Demanda en Equipo (2022)

+ 1M
de citas
canalizadas

246
centros de saúde
participantes

+ 1.9M
de galegos
atendidos

53% do Servizo
Galego de Saúde
(2022)

CENTROS DE PROCESOS DE DATOS

Procesamento,
almacenamento
e transmisión de datos
(2022)

600
recetas
dispensadas
cada minuto

370
consultas clínicas
por minuto

2000
imaxes
dixitais
de diagnose

P8. PROGRAMA DIXITAL DE BENESTAR INTEGRAL

No eido da política social, as actuacións impulsadas ao abeiro do **Plan Trabe de Modernización tecnolóxica dos servizos sociais** e o **Plan de impulso ao novo Modelo Dixital de Atención Sociosanitaria**, buscan acadar servizos transparentes e personalizados que favorezan a autonomía persoal e a participación de coidadores e familiares.

Así, durante o último ano continuouse coa execución da cuarta fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, ampliando as capacidades funcionais do sistema co desenvolvemento da primeira versión do **novo módulo de Servizos Sociais Comunitarios**, que substituíra ao actual SIUSSGAL; e da primeira versión do módulo **Desafiuizamento**.



Estes esforzos súmase as liñas de traballo comezadas durante o 2021 e 2022, como o desenvolvemento do módulo de xestión da **Fundación Pública Galega para a Tutela das Persoas Adultas (FUNGA)**, e as ampliacións dos módulos de **Informes sociais**, de **Solicitudes** e de **Pobreza enerxética**.

Para continuar co impulso do **novo modelo de atención residencial**, seguiuuse cos avances na implantación do **acceso ao sistema de Historia Clínica Electrónica (IANUS) en residencias de maiores e discapacitados**, acadándose xa no 2021 a implantación case completa nas residencias con prazas concertadas coa Consellería de Política Social e co Sergas.

En paralelo, en 2022 definíronse os **modelos de emprego dos distintos sistemas** e, en 2023, iniciáronse as liñas de actuación relacionadas coa adquisición de **dispositivos de firma biométrica** e o novo sistema de **mapa social interactivo**. Ademais, completouse a entrega de equipos informáticos aos servizos de protección, atención e **acollemento da infancia**.

No ámbito de **atención á dependencia e á discapacidade**, durante o período 2021-2023 realizáronse melloras e deuse soporte ao **sistema de información galego de xestión da atención á dependencia (SIGAD)** e á aplicación informática de tramitación do procedemento de recoñecemento da discapacidade (**CENDIS**).

Adicionalmente, no 2023 continuouse coa execución da terceira fase do proxecto de desenvolvemento e implantación do **sistema de xestión de centros de Política Social (CENPOS)** e do **sistema analítico corporativo de referencia (BIPOS)**.



Ademais, implementáronse novas funcionalidades logo da evolución dos sistemas de xestión das presentacións de **solicitudes de axudas de inclusión** (pensión no contributiva PNC, RISGA, axudas de inclusión social AIS...) e os sistemas de información de **xestión de familia e menores** (MENOR, Escolas infantís, Bono concilia...) levadas a cabo no 2021. En 2023, destacan tamén os mantementos realizados sobre a aplicación de **xestión de expedientes do Plan Galego de Inclusión Social** (PGIS).


No período 2021- 2022, consolidárase o **sistema en residencias públicas de maiores e discapacitados** da Consellería de Política Social e incorporáronse ao **Sistema de información para a xestión de centros de política social** os centros pertencentes da rede de atención residencial e de día do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar e os da Rede de centros de protección de menores.


Neste 2023 continuouse co impulso, desenvolvemento e implantación do sistema co que se segue a avanzar na transformación dixital das residencias.

No eido das **solucións de autocoidado e atención no fogar**, dende o 2022, traballouse nas licitacións para a **renovación tecnolóxica do servizo de teleasistencia no fogar** prestado pola Consellería.

Este último ano continuaron tamén os esforzos no desenvolvemento de solucións dixitais para estender a teleasistencia avanzada baixo o **modelo de Fogar dixital socio-sanitario**.

Destaca a **aplicación AsisT.gal**, que foi galardoada no 2021 na XII edición dos premios SENDA na categoría de iniciativa pública, e que en 2023 se adaptou como **ferramenta de asistencia móbil**, xunto co desenvolvemento dun **portal para familiares e coidadores** profesionais e informais.





2.4. TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE

Construíndo un territorio máis verde, sostible, cohesionado e resiliente, comprometido co medio ambiente, co clima e co emprego eficiente dos recursos, respectuoso cos seus ecosistemas e preparado en materia de riscos sociais e ecolóxicos.

O coñecemento do territorio segue sendo un elemento fundamental á hora de xestionar e optimizar a súa ordenación. Nesta liña, no 2022 aprobouse en Consello de Xunta o **Plan Plataforma Territorio Intelixente de Galicia** e integráronse fontes de información de rexistro cartográfico e de actividade forestal co [Inventario Forestal Continuo de Galicia](#). Ademais, continuouse co despregamento dos proxectos **TIERRA** e aprobouse o proxecto “Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en xemelgos dixitais” no marco da iniciativa **RETECH**.

Doutra banda, en termos de **urbanismo**, debe resaltarse o **Plan de Modernización Tecnolóxica de Urbanismo** e o desenvolvemento de novas funcionalidades e sistemas de ordenación do territorio ou xestión de expedientes.

No eido da innovación para a potenciación do **medio rural e do mar**, así como no ámbito da **sostibilidade ambiental**, seguíuse unha liña de continuidade coas iniciativas postas en marcha en anos anteriores, como o proxecto **Agro 4.0** (finalizado en 2023) ou **Lonxas Galegas 4.0**, o portal para [Meteogalicia](#), ou a [Plataforma GaIA](#).

Doutra banda, co obxectivo de incrementar a capacidade de resposta dos servizos de detección, prevención e xestión de riscos, despregouse a **rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia** e continuouse a traballar na evolución da ferramenta **Xeocode**.

EIXE 4 . TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE

P9

PROGRAMA DE XESTIÓN TERRITORIAL INTELIXENTE

P10

PROGRAMA DE INNOVACIÓN DIXITAL PARA A
POTENCIACIÓN DO MEDIO RURAL E DO MAR

P11

PROGRAMA DIXITAL DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

P12

PROGRAMA DE XESTIÓN INTELIXENTE DE
EMERXENCIAS E PREVENCIÓN DE RISCOS

P9. PROGRAMA DE XESTIÓN TERRITORIAL INTELIXENTE

O principal propósito deste programa é desenvolver **novas solucións dixitais** que permitan aproveitar as oportunidades existentes na rexión en materia de **xestión e coñecemento do territorio**.

En xullo de 2022, o Consello de Xunta aprobou o **Plan Plataforma Territorio Intelixente de Galicia**, que ten como finalidade acadar unha infraestrutura tecnolóxica corporativa de información e servizos xeoespaciais para contribuír ao desenvolvemento de ferramentas para a xestión da información territorial, á axuda na toma de decisións no territorio, á aplicación das políticas públicas e ao desenvolvemento dos plans específicos de traballo da administración pública de Galicia.

A Plataforma, que arrincou xa no 2021, busca ser o **instrumento de referencia para a xestión integral da información territorial**, apoiándose en algoritmos para caracterizar de xeito intelixente a xeografía da nosa rexión. Neste 2023, púxose en marcha o servizo **rueiro e xeocodificación** da plataforma, despois de que no 2022 fora deseñado e implementado un **modelo de integración de datos**.

No referente aos sistemas para a **xestión e difusión de información cartográfica**, en 2023 traballouse no mantemento do portal mapas.xunta.gal e da ferramenta de **catalogación de datos xeográficos e metadatos**, que foran renovados no 2022. Ao longo do 2022, continuouse coa evolución do **Rexistro de Cartografía de Galicia (RCG)**, que conta cun sistema que permite ás administracións públicas inscribir cartografía e información xeográfica dixital elaborada segundo as normas e estándares establecidos. No 2023, levouse a cabo a implantación completa deste, quedando esta información catalogada na **Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG)** e pasando a ser considerada como cartografía oficial.

Ademais, neste ano realizáronse tarefas de **apoio e coordinación da implantación de compoñentes e servizos xeográficos** nos sistemas de tramitación e xestión.

No marco da **Civil UAVs Initiative**, enfocada no desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito dos sistemas e vehículos non tripulados, neste ano finalizou o despregue de infraestruturas corporativas dos **proxectos TIERRA-1, TIERRA-2 e TIERRA-3**, en coordinación coa Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN) e o Instituto de Estudos do Territorio (en diante, IET), e que se iniciaran en 2022. Ademais, no 2022 comezara o traballo de definición estratéxica do despregue do **TIERRA-4**, e en 2023 propúxose xeneralizar a arquitectura dos proxectos para constituír unha infraestrutura de análise Big Data distribuído.

Estes proxectos TIERRA completan as capacidades actuais do **Sistema de información xeográfica (SIX)** corporativo na xestión dos datos primarios para a obtención de produtos cartográficos, a produción de información de referencia e a xeración de información sobre a cuberta terrestre. Ademais, o SIX xa conta dende 2021 cun servizo especializado para a xestión dos seus compoñentes tecnolóxicos, ano no que tamén se traballou na revisión e ampliación do seu catálogo de datos xeográficos que constitúe o **inventario de información xeográfica de Galicia**. En 2023, levouse a cabo o desenvolvemento do modelo de goberno da plataforma de territorio intelixente, elaborando un Manual de desenvolvemento de proxectos SIX.

Doutra banda, no marco da iniciativa RETECH e en cooperación con outras autonomías, aprobouse o proxecto **"Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en xemelgos dixitais"**, e colaborouse coa Axencia Turismo de Galicia no deseño do proxecto de **Dixitalización dos Camiños de Santiago**.

Xestión dixital do ámbito forestal

Nos últimos anos estase a impulsar a introdución da tecnoloxía no eido da xestión dos recursos forestais para a explotación da información pública e o apoio á toma de decisións.

Así, durante o 2022 traballouse na ampliación dos **servizos a empresas e interesados do sector forestal**, destacando a posta a disposición da consulta automatizada do **Sistema de indicadores da administración forestal (OBSFOR)** e a posta en marcha do servizo web para a integración de ferramentas de xestión interna das empresas co **sistema de trazabilidade forestal (FORTRA)**. No 2023, estendeuse o uso deste sistema a máis empresas e incorporáronse produtos complexos.

Doutra banda, no 2023 consolidouse o **Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG)** que no 2022 integrara fontes de información de rexistro cartográfico e de actividade forestal. Este inventario ten por obxectivo **coñecer a distribución e caracterización das masas forestais** e a dispoñibilidade de recursos e servizos que proveñen dos montes de Galicia. Estes esforzos súmanse aos avances do 2021 no modelo de datos e servizos de interconexión do **Inventario Forestal administrativo (catastro forestal)** cos sistemas de rexistro, xestión da ordenación forestal e tramitación de axudas, e a súa integración nas plataformas da Consellería do Medio Rural.



Ademais neste ano, **incorporáronse melloras tecnolóxicas** na xestión de permisos de cortas de madeira (CORWEB e CORPRI), dos instrumentos de ordenación forestal ou nos sistemas de rexistro forestal e inventario de actividade forestal.

Urbanismo e Ordenación do territorio

Durante o 2021 elaborouse o **Plan de Modernización Tecnolóxica de urbanismo**, que recolle os proxectos que se abordarán neste eido nos próximos anos. Este Plan contempla a creación da **Plataforma Urbanística Dixital de Galicia** formado por diferentes portais. Este ano deuse o primeiro paso coa publicación do novo **portal de territorio e urbanismo**, como punto de información para a cidadanía.

Para loitar contra a despoboación e contribuír así a reactivación do rural, en 2021 activouse o **portal de núcleos rurais abandonados**, que fomenta a adquisición e alugueiro de vivenda nestas zonas.

Ademais, dende 2022 trabállase nos **sistemas de ordenación do territorio e urbanismo**, co soporte e desenvolvemento de novas funcionalidades nas **aplicacións de xestión de expedientes urbanísticos (SXEU)**, o **Rexistro de Planteamento Urbanístico de Galicia (REXPLA)** e o tramitador de expedientes da **Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística** (cun novo desenvolvemento neste 2023) e o seu **portal web (APLU)**.

En relación coa APLU, neste ano evolucionouse a **aplicación IURIS2** para xestionar pagos de sancións e multas, mellorando a usabilidade e engadindo novas funcionalidades.



P10. PROGRAMA DE INNOVACIÓN DIXITAL PARA A POTENCIACIÓN DO MEDIO RURAL E DO MAR

Este programa oríentase á xeración de valor no medio rural e do mar mediante a adopción das novas tecnoloxías, perseguindo o desenvolvemento dunha actividade agraria e pesqueira sostible e o aumento da competitividade dun sector primario que poderá mellorar así o seu impacto na economía galega.


Xestión dixital do medio rural

Como continuación das actuacións emprendidas en anos anteriores no seo do **Programa Primare**, enfocado ao desenvolvemento do sector primario a través do uso das tecnoloxías innovadoras, o pasado 2021 iniciouse o proxecto **Agro 4.0.**, que rematou este ano 2023.

Ademais, ao longo de 2023, continuouse a traballar para evolucionar cara a **figura do Agricultor 4.0** con ferramentas do Observatorio de Parcelas, o Caderno de Explotación Dixital e a Xestión de Explotacións Agrarias, todas elas co obxectivo de crear unha plataforma de información agraria que sirva tanto de canle de comunicación coma de portal de servizos de interese entre titulares de explotacións e a Administración.

Este ano desenvolveuse a **ferramenta de xestión de explotacións agrarias (XEAGA)** e tiveron lugar as primeiras probas con usuarios reais de explotacións e entidades de aconsellamento agrario. Esta ferramenta proporciona numerosas facilidades de uso interno das explotacións para o seu mellor seguimento, en liña co **futuro desenvolvemento da Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia** (como evolución do Agro 4.0).

Estes avances sentan as bases do proxecto e o seu lanzamento, que se complementará coa incorporación doutros servizos ou módulos, como o de gandería e viñado e o desenvolvemento da aplicación móbil.



Xestión dixital no mar

Dende o 2018 lévase a cabo o proxecto **Lonxas Galegas 4.0**, encadrado dentro das iniciativas dedicadas á modernización do sector do mar (**Primare_Mar**) impulsadas pola Consellería do Mar e a Amtega.

No eido deste programa, no 2021 acadárase a meta das **35 lonxas e confrarías** cos novos sistemas de comercialización e xestión en funcionamento.

Ao longo do 2022 completáronse algúns puntos pendentes na implantación dalgunhas lonxas e confrarías e leváronse a cabo melloras significativas que **impulsaron as vendas do sector e o seu impacto económico na comunidade**.

En 2023, deuse servizo a 90 confrarías e realizáronse **melloras de calado na funcionalidade das ferramentas do sistemas** (SISCOM e GESLON).

Os avances tecnolóxicos implantados inclúen **solucións de comercialización e xestión** que permiten obter información de xeito automático da identificación, clasificación ou pesada das capturas descargadas na lonxa e facilitan os procesos de poxa ou os trámites cos compradores. Así, neste 2023, **realizáronse melloras e deuse soporte** aos diferentes sistemas de xestións como a Plataforma Tecnolóxica de Pesca, o servizo de inspección, eleccións a confrarías, trazabilidade, etc.

Dende 2021, foron levadas a cabo **melloras das comunicacións e do equipamento**, implantando fibra óptica, radioligazóns propias ou wifi nas instalacións e posibilidade de facer poxas online.

Ademais, neste ano avanzouse na **implantación e evolución de ferramentas cara á cidadanía**, como a posta a disposición do portal FEMPA ou de PescadeRías. De feito, tramitáronse máis de 3.500 expedientes de outorgamento ou de renovación de permisos de marisqueo a pé.

lonxasgalegas ^{4.0}



100% do alcance inicial do proxecto completado en 2021

35

Lonxas e confrarías con xestión dixital e poxa online

+18 mil toneladas

de volume de **produtos do mar** comercializados, xestionados e trazabilizados en 2023

+ 95M€

facturados en primeira venda desde o arranque do proxecto

2,3M

de notas de venda procesadas cada ano

166

especies diferentes

Sistema de xestión de modernización de lonxas:

+ 2.300

clientes directos

+ 5.600

proveedores



App móbil Poxa Lonxas Galegas 4.0

+1.190

descargas en 2023

+ 4.400

novas descargas acumuladas



P11. PROGRAMA DIXITAL DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

O propósito deste programa é impulsar un modelo de rexión sostible e climaticamente responsable, reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, utilizando para elo as oportunidades que brindan as novas tendencias tecnolóxicas.

Un dos obxectivos que articula este programa trata de **potenciar a vixilancia ambiental**. Neste sentido, no ano 2021 desenvolveuse a **plataforma galega de información ambiental, GaIA**, creada en 2015 e na que cidadáns, empresas e administracións poden acceder á información ambiental de Galicia.

Os avances dos últimos anos foron a integración e evolución do **módulo eResiduos** co rexistro estatal eSIR e a implantación dun novo rexistro para as autorizacións ambientais. Seguiuse a traballar tamén no desenvolvemento do novo rexistro de produtores e xestores de residuos e no novo módulo de tramitación.

Tamén se **implementou o protocolo E3L**, un protocolo estándar XML para o intercambio electrónico de información sobre a produción e xestión de residuos e que neste 2023 integrou adaptacións ás novas validacións e versións da linguaxe. Ademais, desenvolvéronse neste ano novas funcionalidades no módulo **eInspeccións**, que forma parte da plataforma GaIA.

Licitouse tamén o desenvolvemento dun **novo portal para MeteoGalicia**, cun sistema integral para a **xestión de permisos nos coutos de pesca** fluvial e evolucionáronse os **sistemas de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión de recursos**.

En 2023, **renovouse o portal** cunha nova imaxe e deseño, maior usabilidade e accesibilidade. En concreto, completouse a migración dos proxectos de Predición e Calidade do Aire e incorporáronse visores SIX.

Plataforma GaIA

+ 4.700
usuarios de
empresas




eResiduos


da servizo a máis de
3.500 empresas

+ 1.288.880
traslados

de residuos
xestionados
en 2023




App móbil y portal web de MeteoGalicia



Portal Web da Xunta de Galicia
máis visitado

+ 2.048.250
usuarios



561.260
descargas
acumuladas



+ 62.760

novas descargas
no 2023



No que se refire aos sistemas de información para a conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia, destaca no 2022 a posta en marcha dun **novo portal web para o [Parque Nacional das Illas Atlánticas](#)**. En 2023, púxose en produción unha nova aplicación para a **xestión de autorizacións de acceso ao illote Areoso**.

Neste último ano tamén se levou a cabo o **mantemento e soporte de diversas aplicacións** relacionadas co patrimonio natural de Galicia, como as aplicacións de xestión de autorizacións de acceso a espazos naturais **ILLASR** e **MONATR**, para Illas Atlánticas e a Praia das Catedrais, respectivamente.

Tamén destaca o continuo mantemento e soporte da **aplicación OraLIMS**, unha ferramenta de xestión de mostras e análises de laboratorio que da servizo ao **Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia**.

Ata 2022 traballouse na **modernización tecnolóxica dos [Espazos IMÁN](#)**, espazos naturais protexidos polo seu alto valor natural e por ser os máis coñecidos entre a poboación, realizándose tarefas de soporte na plataforma que dota a estes espazos de solucións tecnolóxicas innovadoras que facilitan aos visitantes información relevante de cada enclave de forma lúdica.

Ademais, para contribuír a mellorar a eficiencia enerxética da rexión, implantouse e deuse soporte ao **programa PREE** para a xestión de axudas de rehabilitación enerxética.

Neste 2023, seguíuse co mantemento dos portais no ámbito do cambio climático. Entre outros, destaca, por unha banda, o **portal do Pacto das Alcaldías**, a través do cal o concellos establecen follas de ruta para a mellora da eficiencia enerxética, o fomento da utilización de enerxías renovables e a redución das emisións de CO₂. Por outra banda, destaca o portal web desenvolto en 2022 para a **[Alianza Galega polo Clima](#)**, que serve como punto de encontro para as organizacións dispostas a asumir un compromiso para avanzar na mellora do Medio Ambiente e na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030.



Sistemas de xestión, conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia

Autorizacións de acceso ás Illas Cíes

2021	201,000
2022	250,000
2023	268,740

Autorizacións de acceso ás Illas Ons

2021	103,000
2022	117,000
2023	125,220



En 2022:

**Portal
Illas
Atlánticas**

Portal Alianza Galega polo Clima
Portal de referencia na procura de medidas comúns e coordinadas que xeren sinerxías na acción climática en Galicia.

CÍES-ILLAS ATLÁNTICAS
CANDIDATA A PATRIMONIO MUNDIAL



P12. PROGRAMA DE XESTIÓN INTELIXENTE DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN DE RISCOS

Este programa persegue ampliar a capacidade de monitorización e aplicación de técnicas preventivas para mellorar a protección do territorio galego e a súa cidadanía fronte aos diferentes riscos e posibles ameazas ás que están expostos.

En liña co obxectivo de **incrementar a capacidade de resposta dos servizos de detección, prevención e xestión de riscos**, desenvolveuse en 2022 un convenio entre a Consellería de Medio Rural, a Amtega e RETEGAL para o despregue da **rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia**. Así, durante o 2022 continuouse coa dotación e ampliación das cámaras en centros de telecomunicacións que permiten contar xa cunha cobertura visual de mais do 70% do territorio, e que implementarán un novo hardware e software que facilitará a aplicación de intelixencia artificial para realizar análises predictivas na identificación e prevención de incendios.

En materia de xestión de incendios, en 2021 traballouse sobre a principal ferramenta a disposición da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a ferramenta **Xeocode**, unha tecnoloxía que aproveita a Intelixencia Artificial, o Big Data e as imaxes en tempo real para prever e paliar incendios.

No 2022 traballouse principalmente en dúas liñas de alto nivel: **a mellora e optimización do sistema e a incorporación de novos módulos e funcionalidades**.

ECOSISTEMA DE INFORMACIÓN PARA A XESTIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS

Actuacións ante incendios

2021	10,000
2022	25,608
2023	11,148

4.732
dispositivos
con GPS
que integran
Xeocode

Intervencións ante alarmas

2021	4,000
2022	5,530
2023	4,658

1.097
usuarios
en Xeocode

No primeiro ano da estratexia, **introduciuse un simulador de incendios forestais**, que mellorou a predición da evolución dos lumes estimando a súa magnitude e potencial en función dun punto de inicio, e deste modo permite aos técnicos de extinción ter a capacidade de simular o comportamento do lume en función de diversas entradas e parámetros calculados.

Neste mesmo eido, en 2022 continuouse coa evolución de solucións en mobilidade como a ferramenta **XeoCode Lite**, para ser empregada polos Axentes Forestais en tablets corporativas e que aportan información de relevancia en relación aos lumes: punto de inicio, evolución, recursos asignados, puntos de auga e outros.

En 2023 realizáronse importantes evolucións no ecosistema de información para a xestión dos incendios forestais (**XEINFO**) entre as que cómpre sinalar as novas funcionalidades de **XeoCode e XeoCode Lite**.

Entre as **melloras que se levaron a cabo en 2023**, inclúese un plan de operacións e manobras sectorizado, a implantación do proceso de distribución automática das aplicacións móbiles a través do MDM corporativo, a integración *co-streaming* de vídeo en tempo real dos provedores de medios aéreos, a integración de UAVs, ou a incorporación da aplicación para a xestión da maquinaria pesada do operativo.





Tamén se definiu no 2022 a realización de proxectos con apoio na **Rede Galega de Internet das Cousas (IoT)** que permitirán, entre outros, o coñecemento remoto desasistido do nivel de auga nos puntos de almacenamento para incendios ou a monitorización en tempo real do dispositivo de extinción.


En 2023, a nivel de **rede de comunicacións**, estívoase a traballar nun proxecto que toma apoio na Rede Galega de Internet das Cousas que RETEGAL está a despregar no territorio galego, ofrecendo unha magnífica oportunidade para implantar servizos novidosos, especialmente no medio rural e en relación á xestión de incendios.

Tamén o pasado ano 2022 se consolidou a **Rede de Observadores do Medio Mariño Galego (REDOGAL)**, cun portal web e unha app enfocadas a detectar e recoller información sobre as posibles especies invasivas no medio mariño, co fin de facilitar a súa catalogación, e funcionando deste modo coma unha ferramenta para o seguimento e vixilancia da vida mariña de Galicia.

En 2023, seguiuase coa evolución e **mantemento do portal e aplicación da REDOGAL** e púxose en marcha outro portal que apoia ao servizo que da a AMTEGA no eido da investigación e a difusión no mar. Trátase de **REDEMAR**, unha ferramenta pioneira que da resposta á necesidade do sector pesqueiro de **creación dun marco ou espazo de colaboración** entre o sector e os organismos científicos, expertos e investigadores.

Portal e App da REDOGAL





2.5. CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO

Traballando na construción dunha Galicia conectada que dote de conectividade dixital a toda a cidadanía, e na posta en marcha dun sistema de transporte sostible e seguro que favoreza o desenvolvemento económico e social e unha maior cohesión territorial.

O [Plan Director de Banda Larga de Galicia 2020](#) supuxo a aposta definitiva da administración galega pola extensión da conectividade dixital de altas prestacións á totalidade do territorio galego, e pondo especial foco na redución da fenda dixital dos territorios rurais e dos colectivos mais illados.

Así, ademais de continuar traballando na **mellora da cobertura móbil no rural**, tamén se deu continuidade as medidas preestabelecidas polo Estado no marco do PRTR, como a **mellora de infraestruturas** de telecomunicacións en edificios, o **Programa UNICO**, ou o **Bono dixital** para colectivos vulnerables. Ademais, presentouse en 2023 o **novo Nodo Conectivi.gal**, para fomentar a innovación e dixitalización na administración galega e xeración de sinerxías, e desenvolveuse o proxecto [Smart Villages](#).

Doutra banda, o futuro da mobilidade galega encamiñase cara un modelo sostible, intelixente, accesible e seguro, que poida dar resposta ás actuais demandas da sociedade. Neste senso, no marco do [Plan de Modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia \(e-Mobility\)](#) deuse continuidade ao desenvolvemento do **sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual (OTRANS)**, evolucionouse o **sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL)**, licitouse a **plataforma galega de mobilidade 4.0**, que incorpora un planificador de rutas multimodal e un novo sistema de pagos e un novo centro de atención a usuarios (CAU) e desenvolveuse a tarxeta [Xente Nova virtual](#).

EIXE 5 . CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO

P13

PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS DIXITAIS -
SOCIEDADE DO XIGABIT

P14

PROGRAMA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIXITAL
E SOSTIBLE

P13. PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS DIXITAIS - SOCIEDADE DO XIGABIT

A administración galega persecue dotar á totalidade da sociedade galega de conectividade dixital de altas prestacións, a través da sensorización do territorio e poñendo especial fincapé na redución da fenda dixital dos territorios rurais e dos colectivos máis illados. Impulsando a adopción das redes de banda larga conseguírase ademais maximizar as oportunidades da economía dixital galega.

No primeiro ano da estratexia, realizouse unha **análise do alcance das actuacións de despregamento realizadas no marco do Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA-NGA)** do Goberno de España para coñecer o impacto das redes despregadas nos polígonos.

No seo do **convenio entre a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia (AETG) e a Amtega**, ata 2022 realizáronse **250 probas de comprobación de calidade das redes** en distintas zonas do territorio. No 2023 deuse continuidade a esta actuación, levando a cabo **verificacións nun radio de 250 zonas distribuídas en 45 concellos con densidade de poboación baixa**. As probas permitiron constatar que no 78% dos casos acádase boa cobertura e no 42% dos casos con máis dun operador con rede propia.

Así mesmo, no marco deste convenio, ao longo de 2022, publicáronse novas **pílulas divulgativas sobre tendencias tecnolóxicas**.

SERVIZO DE ASESORAMENTO A CONCELLOS



Presta asesoramento sobre **normativa e solucións técnicas** para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación

● **2022:** Publicación de **2 pílulas divulgativas**

● **2023:**

Celebración de **2 sesións informativas:**

- Despregamentos de tendidos aéreos de telecomunicacións en núcleos rurais
- Boas prácticas na compartición de tendidos municipais da luz pública para o despregamento de fibra óptica

+ 160 asistentes
às xornadas

85 peticións de información resoltas a Concellos

Xa no 2023, renovouse o **servizo asesoramento a concellos sobre normativa e solucións técnicas** para o **despregamento de infraestruturas de telecomunicación** e celebráronse xornadas de información aos concellos.

Programa UNICO

Na actualidade, é o Goberno de España o que conta coas competencias en materia de telecomunicacións. A través do **Programa UNICO**, o executivo estatal prevé poñer en marcha as iniciativas coas que se acadarán os obxectivos marcados por Europa para 2025, para o que contará cun investimento de máis de 4.000 millóns de euros. Cabe destacar que **Galicia recibirá unicamente 19,1 millóns de euros** para poñer en marcha aquelas medidas que colaboren na consecución destes obxectivos.

Nesta liña, durante o terceiro ano da estratexia deuse continuidade ás iniciativas levadas a cabo pola Xunta dende o 2021 no eido da conectividade, preestablecidas polo Estado no marco do PRT R:

- **Mellora da conectividade de polígonos industriais.** Avanzouse no despregue de redes de fibra óptica dotando de cobertura a 65 áreas empresariais, co que se acadan 130 actuacións realizadas no 2023 e queda **superado o obxectivo** previamente definido polo Goberno do Estado **de 77 actuacións de reforzo** da conectividade.

MECANISMO DE COLABORACIÓN PARA A AXILIZACIÓN DE PERMISOS DE DESPREGAMENTO DE REDES

Activado o mecanismo de colaboración co Goberno do Estado para a **axilización de permisos autonómicos para o despregamento das redes de fibra óptica** do Programa UNICO Banda Ancha

165 permisos analizados e axilizados por parte da Comunidade Autónoma

86 permisos desbloqueados por parte de Galicia



• **Mellora de infraestruturas de telecomunicacións en edificios (ICTS).** No 2023 ditouse a resolución de concesión da convocatoria de subvencións publicada pola Xunta de Galicia no 2022 para a mellora das ICTS en edificios.

• **Bono dixital para a conectividade de colectivos vulnerables.** Tras a publicación da primeira convocatoria no 2022, en xullo do 2023 a Xunta de Galicia lanzou unha **nova convocatoria de subvencións** que recibiu **mais de 1.000 solicitudes**.

Este último ano púxose en marcha tamén o **mecanismo de colaboración co Goberno estatal para axilizar os permisos autonómicos de despregamento de redes de fibra óptica do UNICO Banda Ancha**.

Como medida paliativa ao Programa ÚNICO, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha actuación pioneira para **mellorar a cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo**. No 2022 a iniciativa foi **aprobada pola Comisión Europea e recoñecida como exemplo de boa práctica** nas Directrices relativas ás axudas estatais ás Redes de Banda Larga para 2023 da BCO.

No 2023 **completouse a execución de 37 torres** que permitirán dotar de cobertura de telefonía móbil a preto de 3.000 habitantes en 106 poboacións rurais que carecían deste servizo; e que se suman ás **actuacións levadas a cabo durante o 2022 sobre 29 entidades de poboación**.

Esta actuación do Goberno da Xunta súmase á publicación no 2022 dunha convocatoria para a **dotación de servizo de banda larga ultrarrápida a empresas illadas do rural**, coa que se proporcionou acceso a Internet de ata 1Gbps.

Co obxectivo de fomentar a **innovación e dixitalización na AAPP galega e xeración de sinerxías**, en decembro de 2023 presentouse o novo **Nodo CONECTIVI.gal**, unha estrutura de gobernanza para a promoción e dinamización da cooperación público-privada nun ecosistema de entidades especializadas en conectividade.

NODO CONECTIVI.GAL

8 Actividades de formación e difusión sobre conectividade e tecnoloxías sen fíos celebradas.
 + 400 Asistentes aos actos celebrados no 2023.

Axentes promotores



Por outra banda, no 2023 iniciouse a **análise de posibles medidas a desenvolver** no eido do **proxecto Smart Villages**, dotado con 12M€ de fondos FEADER no marco do PEPAC 2023-2027.

PROGRAMA UNICO

Mellora ICTS

4,3M€ de financiación do PRTR

Mellora e reforzo da conectividade en polígonos, centros loxísticos e solo empresarial

130 actuacións

65 áreas empresariais dotadas de fibra óptica

4,8M€ de financiación do PRTR

Bonos dixitais

2 convocatorias (2022-2023)

1.070 solicitudes recibidas

1,4M€ de financiación do PRTR



Ditada **resolución de concesión** no 2023



Superado o obxectivo fixado polo goberno español



Asinado un **convenio de colaboración** con 6 operadores de telecomunicacións

MELLORA DA COBERTURA DAS REDES MÓBILES NO RURAL



29 entidades de poboación (2022)

37 torres executadas (2023)

DOTACIÓN DE SERVIZO DE BANDA LARGA ULTRARÁPIDA A EMPRESAS ILLADAS DO RURAL



30 empresas beneficiadas

350.000€ de fondos públicos investidos

P14. PROGRAMA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIXITAL E SOSTIBLE

Para avanzar en Galicia cara a un **modelo sostible, intelixente, accesible e seguro de mobilidade** que poida dar resposta ás actuais demandas da sociedade, durante o ano 2023 implementáronse distintas actuacións no seo do **Plan de Modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia (e-Mobility)**.

Completoouse o desenvolvemento e implantouse un **novo cadro de mando** para o seguimento da demanda global dos servizos de transporte público en Galicia e desenvolveuse un **mapa de traxectos** que permite visualizar os desprazamentos.

En 2022, desenvólvese un novo módulo de facturación dos cálculos CURP e COSP. Ademais, nos últimos anos deuse continuidade á segunda das fases do desenvolvemento do **sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual (OTRANS)** enfocado á xestión integral dos servizos de transporte público por estrada en Galicia.

Entre os principais **desenvolvementos realizados nestes últimos anos** destacan a as melloras no módulo de facturación, na creación de informes de cumprimento, novos perfís e cadros de mando, na optimización dos servizos do **portal bus.gal** e na sincronización de datos.

OTRANS

Sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual

2021 > **3.389** expedientes tramitados 2022 > **5.700** expedientes tramitados

2021 2022 2023

Fase 1 Fase 2



A maiores, este último ano **licitouse e adjudicouse o contrato para o servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades** no sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual, **OTRANS**.


En relación ao **sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL)**, en 2022 traballouse no módulo de xustificación de circulacións non detectadas a partires dos datos históricos.

A isto súmase en 2023 a creación do módulo de informes analíticos na ferramenta **ITS SUITE do proxecto SAEGAL**, a través dos cales, poden obterse as circulacións teóricas, calcular a puntualidade nos horarios de paso por parada, coñecer os tempos de viaxe ou o grao de cumprimento dos servizos prestados sobre a oferta teórica.

En 2022, xa se traballara tamén na elaboración dun **plan de proxectos tecnolóxicos** para o seu financiamento con fondos de recuperación e resiliencia para a dixitalización do transporte.

Licitárase a **plataforma galega de mobilidade 4.0**, que neste 2023 comezou a incorporar, entre outras funcionalidades, un planificador de rutas multimodal con posibilidade de reserva de praza, un novo sistema de pagos que permitirá pagar co móbil, un novo centro de atención a usuarios (CAU) e os servizos bancarios necesarios que garantan o correcto funcionamento das transaccións na plataforma.


Ademais, continuouse o desenvolvemento da tarxeta **Xente Nova virtual**. Esta tarxeta de transporte metropolitano permite aos menores de 21 anos realizar as viaxes interurbanas que dependen da Xunta de Galicia de maneira gratuíta. Neste 2023 completouse o desenvolvemento dunha solución para a implantación da **tarxeta QR Xente Nova** que permite levala no móbil.



No que se refire ás medidas encamiñadas á **modernización dos sistemas de información ligados ao ámbito do transporte**, publicouse en 2022 unha nova versión da **app de transporte público de Galicia**, que incorporou melloras de usabilidade e accesibilidade, como o planificador de viaxes ou o visualizador das tarifas en efectivo e con tarxeta aplicables aos orixes e destinos elixidos.

En 2023, habilitouse unha **nova sección que permite a consulta de horarios** por parada amosando a estimación de chegada en tempo real naqueles servizos dos que se dispón de información. Para coñecer a calidade das estimacións remitidas por cada SAE local, **desenvolveuse un robot que rexistra as estimacións cada 5 minutos** nun conxunto determinado de paradas.





2.6. CULTURA E TURISMO INTELIXENTE

Promovendo o uso da tecnoloxía nos sectores turístico e cultural, perseguindo construír unha marca rexional que fomente a chegada de visitantes e permita anticiparse ao comportamento turístico, e protexer o patrimonio a través da súa dixitalización.

O patrimonio cultural galego continúa o seu proceso de dixitalización a través do impulso de [Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia](#), que xa comezou coa integración na plataforma do patrimonio dispoñible nos museos xestionados pola Xunta, e da evolución do sistema de xestión de recursos do **Patrimonio Cultural de Galicia (XERPA)**.

Ademais, estase a traballar no deseño e a execución de diferentes iniciativas de apoio á presenza, difusión e valorización da lingua galega na contorna tecnolóxica, como poden ser o [Proxecto NOS](#) ou [Stellae 5.0 Patrimonio Cultural Dixital](#).

No eido do **turismo**, estase a traballar na aplicación das novas tecnoloxías para xerar novos modelos de interacción baseados en dispositivos móbiles, a **transformación dixital das oficinas de turismo** e a captura e **explotación dos datos turísticos** para ofrecer servizos máis áxiles, eficientes e personalizados.

EIXE 6 . CULTURA E TURISMO INTELIXENTE

P15

PROGRAMA DE CULTURA E TURISMO INTELIXENTE

P15. PROGRAMA DE CULTURA E TURISMO INTELIXENTE

A aplicación das novas tecnoloxías nos eidos da cultura e o turismo facilita o achegamento de contidos culturais á cidadanía e aumenta o atractivo da rexión para a captación de novos visitantes, ao tempo que permite unha xestión sostible do patrimonio cultural e dos fluxos turísticos.

No **ámbito do turismo**, a etapa postCovid supuxo a consolidación do pulo da dixitalización iniciado nos anos anteriores e que se plasma, non só no papel da tecnoloxía coma soporte preferente ás actividades do turismo tradicional senón que segue xerando unha corrente innovadora en aspectos especialmente relevantes para Galicia coma destino turístico. Os **novos modelos de interacción baseados no móbil**; a **dixitalización das oficinas de turismo**; e a **explotación dos datos** turísticos preséntase como chave para xerar coñecemento e intelixencia turística. Estes 3 eidos resumen o conxunto das actividades máis innovadoras desenvolvidas pola Amtega nos últimos anos.

Neste último ano, evolucionáronse as canles dixitais de promoción do destino e atención ao turista. En relación á **interacción co dispositivo móbil** do turista, destaca en 2022 a renovación integral da **app do Camiño de Santiago** e en 2023 o desenvolvemento dun simulador da pegada ecolóxica.

Por outra banda, a **relación co sector profesional e empresarial** establécese a través da xestión administrativa dos establecementos (RITGA, SIXITU) e do soporte á información promocional dos establecementos (TURESPAZO). Neste senso, nos últimos anos traballouse na evolución destas ferramentas para mellorar os procesos de tramitación.

No que respecta á **transformación dixital das oficinas de turismo**, dotouse de tablets aos profesionais e iniciouse o desenvolvemento dunha plataforma colaborativa dando continuidade ao proceso iniciado no 2021, e en 2023, a actividade

estivo centrada na execución da primeira fase de desenvolvemento e implantación de TURINFO, a plataforma de información e colaboración para as oficinas.


Finalmente, no referente á **explotación de datos turísticos**, en 2022 se materializou a posta en marcha do SIT de Galicia (Sistema de Intelixencia de Turismo) baseado en tecnoloxías BigData. Este ano, comezou a inxesta de datos e desenvolvemento dos cadros de mando da Eurorrexión, e continuou incorporando novas fontes de datos e, sobre eles, novas métricas, indicadores e cadros de mando.

Ademais, en 2023 realizouse a primeira integración de **TURNIX** (o nodo de interoperabilidade) coa plataforma **TURINFO** para a xestión de datos avanzada.

En 2022 estiveron orientadas á darlle continuidade e evolución a outras iniciadas en anos anteriores destacando a **campaña do Bono turístico** que levou a cabo a súa terceira convocatoria, e diversas melloras tanto de Hardware como de Software nos sistemas de información que compoñen o **sistema de Xestión de recursos turísticos de Galicia (RITGA)**.



No ámbito da **xestión bibliotecaria** continuou a evolución da plataforma da rede de bibliotecas municipais, a rede de bibliotecas escolares e as bibliotecas especializadas, e continuou a integración de bibliotecas no sistema KOHA.



En materia de **xestión do patrimonio** continuouse a traballar no impulso da dixitalización de fondos dispoñibles en **Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia**. En 2022, deuse comezo ao proceso de **integración na plataforma do patrimonio dispoñible nos museos xestionados pola Xunta** co fin de consolidala como referente do patrimonio cultural galego. En 2023, destaca fundamentalmente o inicio da construción da **GalicianaSemántica** que ten como finalidade difundir, comunicar e expoñer dixitalmente, os recursos e obxectos dixitais que configuran o patrimonio dixitalizado galego, mediante un modo conversacional, intelixente e útil.

No que se refire ao **sistema de xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia (XERPA)** en 2022 e 2023 engadíronse novas funcionalidades, como a relación entre novos tipos de expedientes, melloras na xestión documental, a integración con outras ferramentas e sistemas como o Catastro ou Galicia Nomeada ou a centralización dos expedientes.

Continuáronse tamén as **liñas de colaboración abertas con outras institucións** para impulsar a presenza da lingua galega na internet e na contorna tecnolóxica mediante distintos **proxectos de cooperación**.

Este ano, en relación co **"Proxecto NOS"** para xeración de recursos lingüísticos e tecnolóxicos en lingua galega, asinouase o **convenio de colaboración** entre a Consellería de Cultura, a Amtega e a USC e UVigo para desenvolver o "Proxecto Nós: o galego na sociedade e economía da intelixencia artificial", que desenvolverá unha versión de Gaio baseado en redes neuronais artificiais.

ECOSISTEMA DA MEMORIA DIXITAL DE GALICIA

GALICIANA PATRIMONIO DIXITAL DE GALICIA



La Coruña : grandes fiestas organizadas por el comité de festejos quia programa oficial (1920)

611.670

obxectos dixitais
recollidos ata o 2023



GALICIANA PATRIMONIO
DIXITAL DE GALICIA

ARQA SISTEMA DE XESTIÓN DE ARQUIVOS FÍSICOS

ARQA



40

arquivos de entidades
locais integrados

XERPA SISTEMA DE XESTIÓN DE RECURSOS DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA



49.800

bens
rexistrados

ARQA PORTAL DE DIFUSIÓN DA TOPONIMIA



557.373

topónimos
difundidos

GALICIANOMEADA SISTEMA DE XESTIÓN DE ARQUIVOS FÍSICOS

3.439

colaboradores
rexistrados

72.000

microtopónimos
recollidos





2.7. ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE

Impulsando a dixitalización e a competitividade do tecido produtivo galego para conseguir xerar emprego e mellorar a produtividade dos distintos sectores de actividade rexionais, así como a posta en marcha de novos servizos e produtos innovadores que favorezan a transición cara a un modelo de economía circular que empregue responsablemente os recursos e reduza a súa pegada de carbono.

En materia de **emprego**, leváronse a cabo iniciativas que impulsaron a transición dixital do Servizo Público de Emprego de Galicia mellorando as distintas ferramentas dixitais que permiten xestionar toda a información relativa ao mercado de traballo e que **favorecen a empregabilidade e fomentan a aprendizaxe no ámbito laboral**. Neste eido, realizáronse avances en servizos tanto a empresas como á cidadanía, destacando as melloras implementadas na **Oficina Virtual para empresas** ou no **Sistema RISGA**, respectivamente.

No eido das **pemes e empresas galegas**, brindáronse diferentes axudas, actividades formativas e subvencións que trataron de **mellorar a competitividade do tecido produtivo** en Galicia fomentando o emprego das novas tecnoloxías. Destacan o **Programa Talento Sénior** e o **Programa Industrias do Futuro 4.0**, impulsados desde GAIN; os **Obradoiros e axudas á dixitalización Industria 4.0** do IGAPE; ou as tres novas convocatorias publicadas do **Programa de asesoramento a empresas ReAcciona TIC**, impulsado conxuntamente pola Amtega, IGAPE e GAIN.

No mesmo senso, no **ecosistema de produtores locais**, traballouse na mellora de distintos servizos nos ámbitos agrario e gandeiro. Desenvolvéronse importantes melloras no **Sistema de Xestión de Gandaría (XESGAN)**, no **Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA)** ou no **Sistema de Xestión do Banco de Terras de Galicia (SITEGAL)**.

EIXE 7 . ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE

P16

PROGRAMA DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO
SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

P17

PROGRAMA DE TRANSICIÓN DIXITAL PARA A
INDUSTRIA E A EMPRESA

P18

PROGRAMA DIXITAL DE MELLORA DA
COMPETITIVIDADE DO SECTOR DE PRODUTORES
LOCAIS

P16. PROGRAMA DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

O pasado 2022 fora un ano de transición no proceso de transformación dixital do Servizo Público de Emprego de Galicia, pois remataron os contratos vixentes de anos anteriores e adxudicáronse outros novos. Neste senso, no 2023 continuouse a traballar no desenvolvemento e mellora de distintas ferramentas dixitais que permiten contar con información avanzada do mercado de traballo, mellorar a empregabilidade e fomentar a aprendizaxe para o emprego.

No referente aos **servizos a empresas**, no 2021 púxose en marcha a **Oficina Virtual para empresas**, que permite a mecanización telemática da oferta de traballo. Para o acceso a esta oficina desenvolveuse un sistema de autenticación coordinado co sistema Contrat@ do SEPE, permitindo a empresas e xestorías identificarse coas mesmas credenciais en ambas ferramentas. A maiores, en 2022 engadiuse a **alta de preofertas en contas de cotización** provisionais. Este ano, incorporáronse novos servizos para as empresas e publicouse unha nova versión do **portal do empregador**.

En relación aos **servizos á cidadanía**, destacou en 2022 a mellora da funcionalidade de **autopostulación ás ofertas de traballo**, permitindo ao propio usuario enviar o seu CV de forma directa. Isto sumouse aos avances acadados no 2021, como a simplificación da renovación da demanda vía PIN, a mellora da obtención online de informes de períodos de inscrición ou, no que se refire á formación, a emisión telemática de diplomas.

Nese ano pecháronse ademais acordos coas operadoras de telefonía móbil Orange e Telefónica para incorporar a **autenticación por MobileConnect** aos cidadáns e desenvolveuse **unha versión compatible con HUAWEI da app MOBEM**, que inclúe un **novo servizo de notificacións PUSH** e **melloras na seguridade no login da app**.

En 2023, os **sistemas de intermediación** fixeron os cambios oportunos nos seus sistemas de información para acadar a **certificación de seguridade do ENS**.

No **ámbito de orientación** mellorouse o **proceso de direccionamento**, engadindo o envío automático de correos de citas e a xestión do novo tipo de citas de atención personalizada 11G.

Adicionalmente, incluíuse un **novo módulo de xestión de docentes**, cun servizo de consulta estatística de busca de cursos, e un servizo de asistencia ao cidadán para atopar dun xeito mais sinxelo cursos segundo as súas necesidades.

Neste último ano ademais, leváronse a cabo **desenvolvementos en SISPE para coordinarse co SEPE e outras CCAA**. Así, incorporáronse os seguintes servizos destacables: a diagnose do programa de seguimento intensivo da demanda para colectivos prioritarios, novos servizos a empresas, unha nova versión do portal do empregador, ou o uso de QRs para os DARDES.

Novos informes estatísticos

sobre o uso do portal, permitindo **simplificar a súa presentación** así como unha mellor **adaptación da oferta a demanda**

88%

das **renovacións de demanda de emprego** realizadas telematicamente



9,84 nota global
en accesibilidade do
portal de emprego

Inclusión dun asistente de busca de cursos de formación para o emprego dentro do portal



Tamén resulta de interese a **dixitalización do maior número de documentación** asociada aos procesos de emprego, coa inclusión neste 2023 da sinatura dixital e do almacenamento dos certificados de competencias, que permitirá avanzar nos próximos anos na **creación dun expediente dixital unificado para o emprego**.

No referente aos **sistemas de xestión** desenvolveuse no 2022 a segunda fase da integración **dos sistemas de orientación laboral coa plataforma do RISGA** (Renda de inclusión social de Galicia) iniciada no 2021, que ademais de facilitar a xeración dun itinerario personalizado de inserción ao recibir a petición dende o sistema RISGA, tamén permite o acceso dos orientadores á documentación asociada e o desenvolvemento dos procesos de baixa no tramo de inserción.

Ademais, no 2022 activáronse os procesos automáticos de sondaxe de ofertas en difusión e comunicación aos potenciais candidatos no sistema **SICAS**.

No eido da **formación**, no 2022, desenvolveuse un módulo que permite a **SIFO III** recoller e avaliar a satisfacción das persoas que participan nos cursos de formación.

Esta mellora engádese aos avances feitos no 2021, coa incorporación de novas funcionalidades nas aplicacións de formación para o emprego, como as orientadas a xestión da subcontratación, e a integración dos **sistemas SIFO e FORMAN** (ferramentas de apoio as entidades formadoras) co campus virtual.

Ademais, durante o 2022, publicouse a información do **DataMart de Formación** e continuouse a desenvolver a plataforma tecnolóxica **Platfor** no marco do proxecto do **Campus Virtual de Formación para o Emprego**, implantando as actividades de formación e de soporte a centros dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade e centros inscritos ou acreditados para a formación para o emprego.



P17. PROGRAMA DE TRANSICIÓN DIXITAL PARA A INDUSTRIA E A EMPRESA

Os obxectivos perseguidos coa implementación deste programa son **impulsar a dixitalización empresarial**, con foco nas pemes, **aumentar a competitividade do tecido produtivo**, **fomentar o emprego das tecnoloxías dixitais** e garantir que as empresas dispoñan de **capital humano capacitado** en materia de transformación dixital.

No seo do **Plan de Software Libre 2022** desenvolvéronse un total de 68 actuacións co obxectivo de promover o impulso dunha oferta de solucións libres e de calidade para as empresas, incrementar o uso e coñecemento do software libre por parte da sociedade e a reutilización de software na administración pública. Entre as principais actuacións levadas a cabo durante ese ano destacan:

- As **xornadas empresariais e a difusión no portal mancomun.gal** para fomentar a utilización deste software entre o tecido produtivo.
- As actuacións de difusión e formación dirixidas á cidadanía e ao ámbito educativo.
- A iniciativa pioneira no eido da administración de publicar unha nova **Guía de boas prácticas para liberación de contidos e software**, dispoñible para a súa descarga no portal Mancomún, que tivo un gran impacto na comunidade facéndose incluso eco dela o portal europeo JoinUp ou a Linux Foundation.

IMPULSO AO SOFTWARE LIBRE E AOS ESTÁNDARES ABERTOS 2023

30 novas solucións incorporadas ao catálogo de solucións TIC

81 actividades celebradas con 2.800 participantes a través dos axentes do ecosistema de SWL en Galicia

+ 16.500 reproducións nos 21 programas do podcast de Mancomún



Portal MANCOMÚN
MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Récord de visitas diarias

+ 2.000
visitas en
varias xornadas

FORMACIÓN EN SOFTWARE LIBRE

2.600 horas → **10.000** empregados públicos

Plan Formativo Ofimático de Galicia

1.500 horas → **10.000** profesionais

18.500 horas → **> 7.200** persoas

Xa no último ano, ao abeiro do **Plan de Software Libre 2023**, continuouse a impulsar o software libre entre as empresas, destacando os esforzos centrados na elaboración de materiais para **incentivar as prácticas InnerSource entre as empresas galegas**, na continuidade na **publicación e difusión de novidades e boas prácticas en solucións libres** e a posta e marcha dunha **oferta formativa en materia de software libre** no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).

No eido do fomento do uso do Software Libre entre a cidadanía, ao longo de 2023 a Amtega levou a cabo **máis de 80 actividades** e realizou máis de **750 cursos a través da Rede CeMIT**. Por outra banda, deuse continuidade ao **Premio ao mellor Traballo universitario de Fin de Grao con Licenza Libre**, que se convoca anualmente en colaboración co Consorcio Interuniversitario de Galicia (CIXUG).

No eido da Administración pública, mantívose a aposta pola **reutilización de software libre** para o desenvolvemento de novos servizos, e traballouse na **difusión dos casos de éxito propios fóra da nosa comunidade**; así como o fomento da **publicación e liberación de novas solucións** pola Xunta de Galicia. Neste senso, púxose en marcha unha nova versión do **Repositorio de Software Libre da Xunta baseado en GitLab**.

Ademais, organizáronse e participouse en múltiples **xornadas e eventos de referencia**, coma o OSHWDem, esLibre, GeoCamp, FOSDEM ou o Rural Youth of Europe.

Ao longo do 2022 publicáronse 3 novas convocatorias do **Programa de asesoramento a empresas ReAccionaTIC**, programa do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a Amtega e a Axencia Galega de Innovación (GAIN), que dedica varios lotes á **adopción de solucións de dixitalización por parte das pemes**. As empresas participantes puideron acceder a servizos enfocados á definición dunha estratexia dixital, á concreción dunha estratexia de ciberseguridade, á adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade, e ao deseño dunha estratexia de marketing dixital.

No mesmo ano, o **Programa Talento Sénior** da GAIN concedeu axudas enfocadas á **atracción e retorno de persoal de alta cualificación** cara a entidades galegas, e parte das axudas favoreceron o acceso a capital humano capacitado en novas tecnoloxías.

Outro dos programas impulsados pola GAIN e dirixido a favorecer a carreira do persoal dedicado a actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación foi o **Programa Doutoramentos Industriais 2022**, apoiando o desenvolvemento de teses de doutoramento na contorna empresarial, baseadas en proxectos de investigación. No 2023 deuse continuidade ao programa cunha nova convocatoria, ao abeiro da que se concederon **axudas a 5 entidades** para financiar **contratos predoutorais industriais de ata 3 anos** de duración.

Por outra banda, deuse continuidade ao **Programa Industrias do Futuro 4.0** da GAIN enfocado no fomento do investimento privado para o financiamento de **grandes proxectos empresariais de I+D+i estratéxicos** para o tecido industrial galego. Estes proxectos deberán estar **en liña coas tendencias internacionais** da fábrica do futuro, fábrica intelixente e da industria 4.0 e aliñados coa RIS3 Galicia.

No 2022 concedeu 4 axudas orientadas ao ámbito do sector TIC. No 2023 concedéronse 4 novas axudas a entidades do proxecto SEAT2TABE40 por un importe de máis de 130.000€.

Desde o IGAPE, no 2022 e 2023 lanzáronse novas convocatoria dos **Obradoiros e axudas á dixitalización Industria 4.0**, enfocados á articulación de **espazos de encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas** e vías de colaboración que favorezan a implantación de ferramentas colaborativas sectoriais.

As axudas perseguen á posta en marcha de proxectos de dixitalización dirixidos á implantación de **solucións para o soporte dixital dos procesos da empresa** ou para a activación de proxectos de **interconexión dixital** entre distintas empresas.

Na convocatoria 2023 de **axudas á dixitalización Industria 4.0**, concedéronse subvencións por máis de 3,6 millóns de euros, e a convocatoria de obradoiros á dixitalización Industria 4.0, as sbevenções superan os 320.000 €.

CONVOCATORIAS PARA A TRANSICIÓN DIXITAL DA INDUSTRIA E A EMPRESA

Programa Conecta Covid

2021-2023
3 Proxectos de investigación industrial
1 Proxecto de innovación en produto
18 Entidades beneficiadas polas axudas cada ano
+ 450.000 € de importe total (2023)

Programa Industrias do Futuro 4.0

2021-2023
4 Entidades apoiadas cada ano
+ 615.000€ subvencionados no 2022
+ 130.000€ subvencionados no 2023

Programa de Doutoramentos Industriais

2021-2023
13 Entidades TIC apoiadas dende o 2021
8 Empresas TIC apoiadas dende o 2021
478.000€ subvencionados a 5 entidades (2023)

Programa ReAcciona TIC

2022
3 Convocatorias
111 Empresas beneficiadas

P18. PROGRAMA DIXITAL DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR DE PRODUTORES LOCAIS

O presente programa persegue contribuír á adopción de tecnoloxías dixitais que xeren valor e melloren a competitividade do ecosistema de produtores locais, e entre os seus principais obxectivos destaca o desenvolvemento dunha canle de venda dixital segura e confiable que impulse o comercio de proximidade e a venda de produtos galegos.

Neste sentido, no primeiro ano de estratexia iniciouse o **proxecto de trazabilidade intelixente de produto Galicia Calidade** empregando tecnoloxía blockchain, e desenvolveuse o **Marketplace Galicia Calidade**, o mercado dixital oficial dos produtores galegos para vender as súas producións e establecer contacto co consumidor. Perséguese que este marketplace sexa un referencia en canto a comercialización de produtos de excelencia galegos.

Traballouse tamén na posta en marcha e mellora de distintos **servizos dixitais enfocados aos ámbitos agrario e gandeiro** que facilitan a estes sectores a xestión das explotación e a relación coa administración e con terceiros.




No ámbito da gandería, o esforzo en 2021 e 2022 centrouse na consolidación do novo **Sistema de Xestión de Gandería (XESGAN)**.

Durante o 2022 desenvolvéronse importantes melloras sobre os módulos xa en funcionamento, tanto a nivel funcional como tecnolóxico.

Implantouse tamén o módulo MOGAN, relativa ás restricións ao movemento para subexplotacións. En 2023, impulsouse a **implantación do novo sistema** cun gran avance do módulo de movementos gandeiros.

No 2023, rematouse o deseño da **aplicación de xestión de matadoiros (MATGAN)**, que se porá en funcionamento no 2024 ao carón do novo Matadoiro Móbil, e desenvolveuse a adaptación para a consulta de explotacións e animais dos veterinarios de saúde pública.



Respecto do novo portal web para o **Control Oficial do Rendemento Leiteiro (CEGACOL)**, no 2023 rematouse app vencellada, reestruturando en paralelo o Portal do Gandeiro e desenvolvendo os novos servizos de seguimento da produción leiteira, unha maior accesibilidade aos datos e unha mellor integración con empresas externas.

O **Rexistro de Explotación Agrarias de Galicia (REAGA)** continuou consolidándose coma eixo de información relacionada coas explotacións agrarias, introducindo melloras e adaptacións co novo sistema de Xestión de Explotacións Agrarias de Galicia (XEAGA) e outros sistemas de xestión como SGAREX.


No que se refire aos sistemas de información de xestión da concentración parcelaria traballouse na mellora do **sistema de xestión do Banco de Terras de Galicia (SITEGAL)** e en 2022 púxose en marcha o novo **sistema de información (XALEA)** para a xestión das axudas baixo metodoloxía **LEADER** do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR).

O **sistema de xestión, análise e envío de resultados das mostras relacionadas coa sanidade e coa hixiene dos animais (MARIS)**, que avanzou no 2023 na integración con outros sistemas para mellorar a consulta e descarga de ditames.

Respecto ao novo **sistema MELLES**, púxose por primeira vez en marcha no 2022 como sistema de información que da soporte á xestión das axudas dirixidas a melloras estruturais das explotacións agrícolas.

A **Oficina Virtual do Medio Rural** introduciu no 2022 melloras na usabilidade e facilitou o uso desde dispositivos móbiles, á vez que continuou o seu aliñamento co sistema integral de xestión gandeira (XESGAN). No 2023 melloráronse aspectos relacionados coas e-guías, declaración responsable do sistema produtivo bovino e rexistro de vacinacións (lingua azul).





2.8. O DESENVOLVEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL DE GALICIA

Traballando no aumento das capacidades rexionais para o aproveitamento das novas tendencias tecnolóxicas, o que permitirá un sólido posicionamento de Galicia no novo contexto dixital, e perseguindo garantir así un próspero futuro de sociedade e tecido produtivo.

Tratando de impulsar a xeración, retención e atracción do talento dixital, que promova un hipersector TIC máis forte atraendo capital exterior a Galicia, apoiando o desenvolvemento de maiores capacidades e infraestruturas dixitais na comunidade, impulsáronse diferentes iniciativas como o [Mapa de Capacidades TIC de Galicia](#), constituído como o escaparate do mercado TIC galego. No eido do Centro GaiásTech, posto en marcha no primeiro ano da estratexia, publicouse o **Xemelgo Dixital**, unha contorna Dixital que permite interactuar e coñecer diversa Información de utilidade sobre o Centro e as súas actividades. Neste eido, dando continuidade á posta en marcha a [Rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia](#), púxose en marcha o nodo de IA, galicia, sumándose aos xa existentes en ciberseguridade, CIBER.gal, e o nodo de 5G, Conectivi.gal.

Deuse continuidade as actuacións levadas a cabo no seo do [Plan de promoción do talento dixital de Galicia, DigiTalent](#), que, en colaboración co hipersector TIC, traballa na promoción das vocacións científico-tecnolóxicas, na adaptación da xuventude aos novos perfís profesionais dixitais e na potenciación do liderado dos profesionais para estimular o crecemento dixital. A oferta formativa do [Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia \(CNTG\)](#) contribuíu tamén a mellorar as competencias dixitais dos profesionais galegos.

Ademais, co fin de promover a **especialización tecnolóxica**, puxéronse en marcha distintos instrumentos de apoio como os **Programas de incubación e aceleración Business Factory**, ou as axudas ligadas ao [Programa Neotec](#), entre outros levados a cabo en colaboración con outros organismos como GAIN ou IGAPE.

EIXE TRANSVERSAL . O DESENVOLVEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL DE GALICIA

P19

PROGRAMA PARA A POTENCIACIÓN DA COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN DO ECOSISTEMA DIXITAL

P20

PROGRAMA DE APOIO AO EMPREDEMENTO DIXITAL E PROXECCIÓN EXTERIOR DO HIPERSECTOR TIC

P19. PROGRAMA PARA A POTENCIACIÓN DA COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN DO ECOSISTEMA DIXITAL

Coa súa posta en marcha no 2021, o Centro **GaiásTech** asumiu o rol de Centro demostrador e de experimentación dixital de Galicia, impulsando a **transformación tecnolóxica do tecido produtivo galego** e a posta en marcha de **modelos de negocio innovadores** e competitivos. Como **espazo de innovación aberto** e **catalizador entre oferta e demanda** tecnolóxica, durante o 2022 traballouse para acadar os seguintes fitos:

- Publicación do **Mapa de Capacidades TIC de Galicia**.
- Publicación do **Xemelgo Dixital do GaiásTech**, reforzando o **GaiásTech Virtual** coa incorporación de etiquetas interactivas que permiten acceder desde calquera dispositivo.
- Posta en marcha do **Centro de apoio á difusión** dos servizos dos Axentes Dixitalizadores do **Kit Dixital**.


Xa no 2023, traballouse para continuar potenciando a **visibilidade das empresas TIC galegas** mediante a preparación de protocolos, deseño e definición de aplicabilidade dunha API pública do Mapa de Capacidades Dixitais de Galicia. Ademais, abordouse unha **actualización integral do sitio web do Centro GaiásTech**, incluíndo unha nova páxina de servizos para unha solicitude máis automatizada e lanzouse unha **nova sección dedicada ao futuro Conectivi.gal**.

Co obxectivo de adaptar o espazo físico do Centro para albergar actividades máis prácticas, talleres e puntos de encontro de grupos para a xeración de comunidades tecnolóxicas interactivas, deseñouse unha **nova proposta de adaptación dos espazos do GaiásTech**.

Ademais, O Centro GaiásTech **inclúese na lista de Aulas TIC de CeMIT**, reafirmando o seu compromiso coa excelencia educativa e a promoción das vocacións dixitais na comunidade.

Por outra banda, no período 2022-2023 continuouse a desenvolver unha importante labor de formación e difusión tecnolóxica:

- **Demostración e presentación de solucións** con fundamento tecnolóxico, incluído a posta a disposición de novas solucións empresarias no **GaiásTech Cloud**, activado no 2021.
- Formación en **competencias** para a **transformación dixital emprendedora**, coa **iniciativa #MesD** no 2021-2022.
- **Sensibilización** para empresas e **accións e programas formativos para pemes**, como o Curso de Introducción a Arduino no 2022 ou as xornadas de software libre empresarial no 2023.
- Impulso do **talento mozo e feminino**, con actividades destinadas ao fomento das vocacións STEAM.
- Impulso **iniciativas de colaboración público-privada** través da Rede de Nodos, acadando as 225 actuación no 2023.



Estratexia Galega de IA

Tras a constitución da [Rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia](#) e do [nodo de Ciberseguridade CIBER.gal](#), xunto coa aprobación da [Estratexia Galega de Intelixencia Artificial \(EGIA\)](#) no 2021, no 2022 acadouse un novo fito coa posta en marcha do [nodo de IA, galiciaA](#).

Coa finalización do proceso de conformación da Rede de nodos, o GaiásTech, como coordinador da mesma traballou nese mesmo ano na creación e integración do **novo portal do nodo galiciaA** na web do Gaiás.

Ademais, durante o ano 2022 promoveuse a candidatura de Galicia para acoller a **sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial**, que finalmente foi concedida á cidade da Coruña. Así mesmo, publicouse o [Estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial impacto da adopción da Intelixencia Artificial en Galicia](#). En marzo do 2023 tivo lugar o evento de presentación do estudo da man das tres universidades públicas de Galicia baixo o nome "Galicia ante os retos da intelixencia artificial".

Por outra banda, acometeuse un **proceso de análise e actualización da EGIA** co obxectivo de adaptala aos novos escenarios, especialmente polo feito de que Galicia sexa a sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial, que culminou en xaneiro de 2023 coa presentación ao Consello da Xunta do **"Informe de Galicia ante os novos retos da Intelixencia Artificial. Propostas para a adaptación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 aos novos escenarios."**

No marco do nodo galiciaA, durante o último ano formalizáronse tres **Comisións Sectoriais de Sanidade, Competitividade e Innovación e Ética e Normativa** co obxectivo de avanzar na adopción das tecnoloxías intelixentes, tanto no sector público, como no sector privado.

No marco da Comisión Sectorial Ética e Normativa debateuse e procedeuse a propoñer a elaboración dunha **lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia**, proposta que foi **aprobada polo Consello da Xunta de Galicia** en novembro de 2023.

De xeito paralelo, elaborouse e presentouse unha [guía práctica para o fomento do uso da Intelixencia Artificial no marco da administración pública galega](#).

Impulso ao talento dixital galego

Co obxectivo de xerar talento dixital na rexión, no período 2021-2022 seguíronse a celebrar actuacións no seo do [Plan de promoción do talento dixital de Galicia, DigiTalent](#), deseñando un novo catálogo de actividades que, como en anos anteriores, contou coa colaboración dos axentes do ecosistema dixital. Como novidade, no 2022 a Amtega impulsou o [Programa de Webinars TranformaTech Sessions](#) con relatorios para o talento mozo e os profesionais.

Xa no 2023, aprobouse o **Plan DigiTalent 2030, para o impulso da inclusión, capacitación e talento dixital en Galicia**, que tomou o relevo do anterior e contou con ata 39 actuacións planificadas para todas as idades no curso 2022/2023.

CONSTITUCIÓN GRUPO EXPERTOS EIA

No 2023, constituíuse unha Comisión de expertos para o **asesoramento no desenvolvemento e uso ético da intelixencia artificial en Galicia** para o asesoramento á Xunta de Galicia e ás súas entidades públicas dependentes en materia de Intelixencia Artificial.

ACTUACIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO TALENTO DIXITAL EN GALICIA



Programas de especialización tecnolóxica

Durante os últimos anos, desde a GAIN puxéronse en marcha unha serie de programas e axudas que favorecen a especialización tecnolóxica e potencian a colaboración entre distintos axentes do ecosistema dixital. Entre eles, destacan:

- O **Programa de Consolidación e estruturación de Centros Tecnolóxicos Consolidados**, que persegue incentivar a transferencia de resultados de investigación, de coñecemento e de capacidades tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos de Galicia cara ao mercado, impulsado no período 2021-2022.
- As axudas ás **Unidades Mixtas de Investigación**, enfocadas a favorecer a cooperación entre os organismos de investigación e o tecido empresarial para desenvolver actividades de I+D+i aliñadas coas prioridades da RIS3 para Galicia, que en 2023 contou cunha nova convocatoria de axudas coas que se favoreceron dúas unidades mixtas.

No eido do **impulso ás tecnoloxías cuánticas**, en 2022 asináronse dous novos convenios de colaboración entre a GAIN, o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e as tres Universidades galegas para o desenvolvemento do **Programa de Comunicación Cuántica en Galicia** que permitirá crear sinerxías territoriais, aliñar a execución dos fondos europeos ante o reto da transformación dixital e establecer prioridades comúns neste ámbito.

Así mesmo, GAIN e o CESGA, asinaron as dúas primeiras addendas ao convenio para a ampliación do orzamento do mesmo, co fin de continuar as primeiras fases do **Polo de Tecnoloxías Cuánticas**, co que Galicia aspira a ser un referente neste eido de cara ao 2030. No 2023 asínase unha terceira addenda ao convenio para ampliar o período de realización de gastos e pagos ata o 2023. O acordo permitiu despregar as infraestruturas necesarias para a creación do Polo de I+D+i en tecnoloxías cuánticas da información, situado en Santiago de Compostela.

Por outra banda, no referente ao apoio aos **Hubs de innovación dixital estratéxicos de Galicia, DIHGIGAL**, enfocado no eido da Industria 4.0 e **DIH DATALIFE**, dedicado á biotecnoloxía, durante 2021 e 2022 continuáronse as labores de xestión e coordinación, e volvéronse a outorgar as axudas no seo do **Programa Conecta Hubs**, dirixido ao financiamento de proxectos colaborativos en áreas estratéxicas destes hubs, co obxectivo de avanzar na especialización e consolidación dentro do marco da RIS3 Galicia. No 2023 lanzouse unha nova convocatoria, coa que se favoreceu a 45 entidades por un importe que supera o 1,5 millóns de euros.



P20. PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDIMENTO DIXITAL E PROXECCIÓN EXTERIOR DO HIPERSECTOR TIC

Para promover a innovación e o xurdimento de novas empresas tecnolóxicas no hipersector TIC de Galicia, lanzáronse múltiples iniciativas de apoio neste eido.

Estas medidas inclúen financiamento, asesoramento empresarial, e programas de aceleración, todos deseñados para facilitar o crecemento e a competitividade das novas empresas na comunidade.

Cos **Programas de incubación e aceleración Business Factory** seguíronse a impulsar as iniciativas de aceleración **BFFood**, **BFAuto** e **BFAero** das que participan o IGAPE, a GAIN e a Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Pechado (**Xesgalicia**).

O programa seleccionou distintos proxectos que recibiron titorías especializadas, mentoring e formación transversal, entre outros servizos. O programa inclúe tamén subvencións que dependen da fase na que se atope cada proxecto e posibilidade de acceso a capital risco e préstamos participativos ao longo dos itinerarios.

O IGAPE activou unha nova convocatoria das axudas **Galicia Exporta Dixital**, enfocadas a apoiar ás empresas nos seus procesos de internacionalización dixital.

A GAIN participa ademais no **Fondo GIE** de capital risco, que apoia financeiramente iniciativas emprendedoras e no **Fondo GIT** (Galicia Innovatech) dirixido a contribuír a proxectos con alta compoñente tecnolóxica.

Durante o último ano apoiaron a diferentes proxectos do ámbito TIC por preto de 1,5 M€.

No 2023 a GAIN continuou concedendo axudas no seu **Programa InnovaPeme**, destinadas a mellorar o desempeño innovador das microempresas, pequenas e medianas empresas galegas, apoiando un total de 36 pemes neste 2023, e continuou o seu mecanismo de apoio financeiro ás empresas que se presentaron ao **Programa Neotec** en 2021 e que, superando o limiar de puntuación, non acadaron financiamento por esgotamento de fondos, apoiando a un total de 8 pemes.

No 2023, continuouse a potenciar o **ecosistema Gobtec en Galicia**, deseñado para impulsar o uso das tecnoloxías avanzadas no sector público autonómico galego a través da incorporación de solucións dixitais innovadoras baseadas en tecnoloxías disruptivas. Neste ano, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Adxudicouse o Acordo Marco polo que se **seleccionaron 10 empresas que serán as encargadas de proporcionar servizos de desenvolvemento de solucións dixitais** e implantación posterior das solucións para a introdución de tecnoloxías disruptivas no ámbito do sector público autonómico dentro dos retos da Estratexia Galicia Dixital 2030.
- Adxudicouse o Acordo Marco mediante o que se designou a empresa que se vai encargar do **servizo de apoio técnico para a xestión e coordinación das actividades** derivadas do espazo GOBTEC.

BUSINESS FACTORIES

40 proxectos TIC realizados



11 BFAero




10 BFAuto



19 BFFood

FONDO GIT

1.565.000€



2 proxectos no ámbito TIC

FONDO GIE

50.000€



LOGROS ACADADOS

3

A posta en marcha das distintas actuacións contempladas en cada un dos programas definidos no seo da Estratexia Galicia Dixital 2030 produce unha serie de impactos que contribúen a aumentar o nivel de madurez tecnolóxica do territorio, e propician avances socioeconómicos que repercuten positivamente na sociedade, no tecido empresarial e investigador, e na Administración.


O proceso de transformación dixital de Galicia xenera ademais oportunidades na rexión vinculadas ás novas tecnoloxías. O aproveitamento destas oportunidades facilitará a contrución dunha sociedade máis igualitaria e dun territorio máis cohesionado e sostible.

Para o seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, a Xunta de Galicia apóiase na labor realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), creado e regulado polo Decreto 21/2010 de 4 de febreiro de 2010, como órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información.




3.1 TRANSFORMACIÓN DIXITAL

1 ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE E SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS



2 EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN E TALENTO DIXITAL



3.1 TRANSFORMACIÓN DIXITAL

3 ECONOMÍA DIXITAL PARA UN TERRITORIO INTELIXENTE

COBERTURA PARA UN TERRITORIO INTELIXENTE

COBERTURA 4G GLOBAL



COBERTURA 100 MBPS (de velocidade de descarga)



Fonte: *Cuadro de mando Banda Ancha 2023 - CCAA (Mineco)*

ECONOMÍA DIXITAL: VENDA ONLINE

O **11,8%**
das empresas galegas
de menos de 10
empregados venden
online o último ano

O **26,1%**
das empresas con sede en
Galicia de máis de 10
empregados venderon por
Internet no 2023

A cifra crece ata o **28,4%** entre as
empresas que desenvolven a súa
actividade Galicia

Fonte: OSIMGA

4 FORTALECIMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL


TELETRABALLO NO SECTOR TIC

54,1%
das empresas TIC contan con
empregados que teletraballan

DEMOGRAFÍA EMPRESAS TIC


3.140
empresas
TIC

5ª Comunidade
Autónoma con
maior número



EMPREGO NO SECTOR TIC

O Sector TIC de Galicia
creceu un **5,2%** respecto
do ano anterior




2019 2020 2021 2022 2023

**SOLUCIÓNS
DIXITAIS NAS
EMPRESAS TIC**

Fonte: OSIMGA

3.2 CRECEMENTO SOCIOECONÓMICO



3.3 XERACIÓN E APROVEITAMENTO DE OPORTUNIDADES

EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN E TALENTO

- Uso de solucións dixitais para o ensino
- Redución da fenda de acceso a conexión e dispositivos no eido educativo⁹
- Servizos de capacitación dixital de vangarda accesibles a toda a cidadanía
- Reforzo das habilidades dixitais da comunidade educativa
- Impulso de vocacións STEM con foco nas mulleres
- Talento rexional para o pulo da transformación dixital da rexión
- Universalización das competencias dixitais
- Certificación das competencias dixitais

ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE E SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

- Incremento da comunicación e participación da sociedade coa Administración
- Administración áxil e sen papel
- Uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde
- Uso das tecnoloxías disruptivas para abordar os retos da administración
- Xestión intelixente do dato
- Xustiza dixital e accesible

TERRITORIO INTELIXENTE






- Novas experiencias para o turismo, a cultura e o ocio
- Oportunidades de negocio ligadas aos recursos territoriais
- Disponibilidade de redes de banda larga de moi alta capacidade
- Posta en marcha de servizos que melloren a calidade de vida no rural
- Monitorización e optimización do uso da enerxía e os recursos naturais
- Conectividade dixital para asegurar a igualdade de oportunidades.
- Control da contaminación
- Atracción de novos visitantes

ECOSISTEMA DIXITAL

- Desenvolvemento das tecnoloxías disruptivas (IA, 5G, Big Data, Ciberseguridade...)
- Aumento das capacidades innovadoras de todos os axentes do ecosistema
- Tendencias dixitais accesibles para todos os sectores produtivos
- Emprendemento e internacionalización no sector TIC
- I+D+i e transferencia tecnolóxica
- Novos modelos de negocio dixitais
- Articulación de estruturas colaborativas

CRECEMENTO SOCIOECONÓMICO

- Creación de oportunidades de emprego
- Aumento da riqueza de Galicia



INVESTIMENTO MOBILIZADO


4

Durante o período 2021-2022, que se corresponden cos dous primeiros anos de execución da Estratexia Galicia Dixital 2030, as actuacións postas en marcha derivaron na mobilización dun investimento total acumulado de máis de 553M€, entre capital público e privado.

886.827.096,50M€ de investimento total acumulado, dos que case **229M€** corresponden á mobilización de capital privado. Destes últimos, **50,9M€** corresponden ao ano 2023.

O investimento mobilizado no período analizado (2021-2023), permitiu avanzar na consecución dos obxectivos marcados en cada un dos eixos da Estratexia Galicia Dixital 2030 e polo tanto contribuíu de maneira integral ao proceso de transformación dixital do territorio.

As inversións realizadas beberon de fondos propios da Amtega e doutras administracións galegas implicadas coa Estratexia, e de fondos europeos que, nos próximos anos, veranse incrementados pola execución do Fondo de Recuperación para Europa "Next Generation EU" a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e o instrumento REACT-EU.





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA